**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 23**

**SESION EXTRAORDINARIA DO 7 DE DECEMBRO DE 2005**

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Ceniceros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Alonso Vázquez, Xulio
Iglesias Carrera, José Manuel
Porteiro García, María Josefa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e corenta minutos do día sete de decembro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, Dª Mª Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras., Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro (con retraso), Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. e Sra. Alonso Vázquez, Iglesias Carrera e Porteiro García. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, Dª Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

*Antes de comezar a sesión, a Corporación Municipal, máis todos os asistentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres víctimas da violencia doméstica.*

*Coa conformidade dos grupos políticos municipais, a Presidencia somete a debate conxuntamente os catro puntos da orde do día da sesión.*

*No transcurso do debate, sendo as nove horas e cinco minutos, se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Soto Ferreiro.*

**D E B A T E**

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Como saben o acordo regulador que fixa as actuais condicións de traballo deste Concello aprobouse en 1999 e está en vigor na actualidade. Nese momento fixáronse uns recargos de 0,90 € por hora para os traballos realizados en comisións de nocturnidade e 2,26 € por hora para os realizados en días festivos.
Parece evidente que a especial penosidade e adicación que supón este tipo de trabajo, así como razóns obvias relativas ó custo da hora traballada, deben facer reconsiderar as remuneracións establecidas por este tipo de traballos.
Por este motivo, logo de ter chegado a un acordo coa representación sindical deste Concello, proponse a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes recargos: Nocturnidade 2,50 €/hora, festividade 3,70 €/hora. Así mesmo proponse un recargo polo traballo dos días 24 e 31 de decembro de 120 € por xornada.
No referente ó incremento da partida de productividade que se solicita o crédito existente nesa partida neste momento é de 432.000 €. Esta concellería considera que este importe é insuficente para retribuir a actividade extraordinaria, o rendemento especial e o interese co que determinado personal municipal desenvolveu as funcións inherentes ó posto que desempeña.
Esta circunstancia lévame solicitar deste Pleno que autorice un incremento máximo de 430.000 € que poderán financiarse con cargo a créditos sobrantes de postos de traballo que estean vacantes, consecuencia de prazas incluidas

na próxima oferta de emprego, así como das producidas por xubilación, invalidez, falecemento e outras prazas non incluídas na oferta pública. Isto tamén se fai estensivo para o IMD e a Escola de Artes e Oficios. Para isto pido o voto dos señores concelleiros.

SR. VIEITEZ ALONSO: Lamentamos unha vez máis que o fondo da cuestión non se trate e non será por lles dar oportunidades ó equipo de Goberno, sobre todo por parte deste grupo municipal, para tentar consensuar o máximo posible as políticas de persoal. Insistimos en que se debera de tratar o fondo da cuestión e non o aparente.

Imos tratar os catro puntos conxuntamente porque non se entende o un sen o outro e sen o fondo da cuestión. Dende este Grupo resumiriamos estes catro puntos en tres conceptos: insensibilidade e apariencia política, prepotencia e patrimonialismo da institución.

O Grupo do Partido Popular tivo dúas ocasións magníficas propias para realizar a valoración de postos de traballo que é o problema de fondo e realmente o que se trae aquí nestes catro puntos. Foron o único partido político que tivo maioría absoluta e neses catro anos de goberno que, por certo, vostedes asinaron dous convenios nos que se contemplaba a valoración de postos de traballo, tiveron unha magnífica ocasión para a realizar sen ningún tipo de problemas e non o fixeron e sinceiramente pensamos que vostedes nin crían nin cren na valoración de postos de traballo e ás probas me remito.

En primeiro lugar foron vostedes quen asinaron os dous convenios que recollían a valoración de postos de traballo; en segundo lugar vostedes tiveron maioría absoluta e puideron facer o que quixeron, razón máis que suficente; en terceiro lugar contrataron un estudo a unha empresa que costou ás arcas públicas case trinta millóns de pesetas e vostedes non o aplicaron, por certo, hai que ver qué traballo fixeron con unha asistencia técnica de case trinta millóns de pesetas e a responsabilidade política era de vostedes.

Pero foi precisamente no mandato anterior, nun goberno coparticipado polo BNG e polo PSOE onde realmente puxemos en marcha ese tema porque si criamos nesa valoración por múltiples circunstancias e aspectos que se quere lle reseño pero non vou entrar neles porque para nos o máis importantes son os feitos. Os feitos son que fumos nós mediante un decreto da Alcaldía do 10 de xaneiro de 2001 quen puxemos en marcha unha comisión de valoración tremendamente parcitipativa onde, sen asistencia técnica de ningún tipo,

con medios propios deste Concello, fumos quen de facer unha valoración de postos de traballo que, con todas as dificultades que había no medio, concitou vontades de todos porque era unha comisión formada por todos os partidos políticos que tiñan representación na Corporación, por todas as Centrais Sindicais e evidentemente cunha representación do Goberno.

A aquel traballo que é no que vostedes se basean para traer estes puntos hoxe, máis os que van aprobar na Xunta de Goberno, quero facer algunhas referencias porque hai que se remitir á historia porque as veces a memoria selectiva, que vostedes practican con bastante frecuencia, non deixa ver a realidade. Daquel traballo que cremos que vostedes están a utilizar neste intre e dígoo porque ainda hoxe non tivemos posibilidade de mirar ese expediente que teñen secuestrado, non hai posibilidade de acceder a el, vou reseñar catro intervencións que son as dos catro partidos políticos que naquel entón formabamos parte da Corporación.

Por parte do Sr. Fernández Alvarez, representante do PSOE se dicía: "Eu en primeiro lugar no nome do Partido Socialista quero felicitar ó concelleiro de Persoal polo esforzo feito e a vontade de asumir un traballo complicado e difícil". Por parte do Sr. Garrido González, representante do PP, dicíase: "Dende o primeiro momento nós participamos na comisión desta valoración de postos de traballo da que tamén formaban parte representacións sindicais. Día a día fíxose un traballo coido que respectable, un bo traballo, ainda que loxicamente moi complicado ... Repito e quero que isto quede claro que por parte do Sr. Vieitez fíxose un traballo coido que a conciencia pero iso non quere dicir que non haxa certas dificultades". Por parte do Sr. Soto dicíase: "Eu tamén estou de acordo cos calificativos de que en xeral se fixo un bo traballo nunha comisión que partíu de criterios que queremos todos tentar consensuar nunha política de persoal".

É dicir, todos recoñecían o bo traballo que se fixo naquel entón e que, insisto, é o traballo que nos traen hoxe aquí e que xustifica estes catro puntos.

Naquel entón pasou que ó mellor non era o momento político porque a continuación e a pesar de recoñecer todo este traballo, vostedes na responsabilidade política foron quen de torpedealo e imposibilitar que se levara á práctiva e fixérono do seguinte xeito: entre outras cousas e mediante un escrito que se queren lles dou copia por se o perderon, e falamos do Pleno do 25 de marzo de 2002 onde se aprobou inicialmente a proposta económica resultante do proceso valorativo e a aprobación

definitiva da guía de funcións, o Grupo do Partido Popular cinco días antes deste Pleno asinou un escrito que entre outras cousas dicía: “...da Secretaría Xeral informe xurídico que motive a cobertura legal do expediente mencionado indicando as disposicións e normas que o amparan, así como o cumprimento dos límites legais orzamentarios”.
E de Intervención, segundo o punto quinto do informe do xefe da Unidade de Persoal: “O expediente de gasto resultante desta valoración está suxeito a informe previo da fiscalización da Intervención Xeral”. Ademais “proposta de gasto na que consten os programas e partidas que se propoñen modificar indicando os créditos de alta e de baixa cubrindo os custos da valoración incluindo os custos da Seguridade Social.”
Este escrito asinábano todos os membros do Partido Popular: Jacinto Lareo Jiménez, Juan Toscano Novella, Alfredo Rodríguez Millares, Pablo Vázquez Caride, Marta Iglesias Bueno, José Manuel Figueroa Vila, Marisa González Outón, Francisco Doblas Bermejo e Montserrat Otero Oitavén. Traémolo a colación por unha sinxela razón, insisto en que ó mellor aquel non era o momento político para aprobar a valoración e había que torpedeala como fose; iso foi o que fixeron vostedes e non só se quedaron neste escrito, senón que mobilizaron todos os seus resortes institucionais para que isto quedara tremendamente deformado e así puidera quedar estancado.
Dende a Subdelegación do Goberno e da Delegación do Goberno, aquel señor que peinaba chapapote no seu momento, requiríu ó Pleno que anulase o acordo que tiñamos tomado única e exclusivamente no referente á guía de funcións que non implicaba incremento económico de ningún tipo.
Quérolles situar naquel punto para que vexan ata onde se chegou naquel entón. Como non tiñamos os resortes suficentes o único que fixo o Goberno daquela, nomeadamente o BNG, foi non facer caso ó requirimento do Delegado do Goberno. Pero tamén a tramitación destes expedientes, evidentemente dende o plano político, demostra a súa prepotencia á que esta dereita nos ten acostumados neste país porque fronte a un proceso aberto e parcitipativo, onde deberamos consensuar as políticas de persoal e buscar se é posible a unanimidade, actúase dun xeito unilateral e escurantista.
Como xa dixen á data de hoxe ainda non coñecemos ese expediente; qué menos que dar a oportunidade para tentar chegar a un acordo dese tipo e ese expediente non o coñecemos nin sabemos como estaba escrito. Pensamos que hai unha clara intencionalidade por parte do Partido Popular de que non se leve a cabo ese tema, como o demostra ademais a actitude sectaria que tiveron vostedes na Xunta de Goberno do día 2 de decembro pasado, onde a

petición do BNG puxímoslles enriba da mesa tratar o tema sen ningún tipo de problemas nin preconcecións e tentar de chegar a un acordo e foron vostedes quen o rexeitaron unha vez máis.

Para vostedes o diálogo e o consenso non valen, son uns antidemócratas porque pretenden aprobar un expediente furtando o debate ó órgano de representación democrática desta cidade. Sobre todo darnos os elementos a todos e cada un e cada unha dos membros deste Pleno para que teñamos pleno coñecemento do que estamos a tratar e con eses elementos adoptar a decisión que consideremos máis oportuna.

Vou reproducir unha intervención de hai aproximadamente tres anos; non é miña, é dun representante do Partido Popular e dicía así de claro: “Seméllanos que isto é furtarlle a posibilidade ós membros da Corporación de que se produza un debate con todos os informes técnicos petinentes”. Curioso, en historia non creo nos ciclos pero vostedes voltan unha vez máis repetir o que antes criticaban.

Ó mesmo tempo vostedes demostran unha concepción patrimonial da institución. A negociación colectiva non é unha prebenda, é unha ferramenta que teñen os traballadores e tamén a institución para mediante a negociación e o consenso, ainda que posiblemente o resultado final pode ser que non convenza a todo o mundo, mellorar as condicións de traballo. Os acordos da negociación colectiva débense respectar e non facer, como fixeron vostedes e repito a súa frase “quen veña atrás que apande” co tremendo desaguisado que vostedes nos deixaron e senón vexamos os acordos incumpridos e asinados nos convenios 95-97 e 99-2002.

Vostedes teñen asinado convenios sen a cobertura necesaria, sen os informes precisos e durante o seu mandato de maioría absoluta teñen traído a aprobación do Pleno convenios asinados sen os informes pertinentes, con nocturnidade e alevosía, sempre o día anterior para que non lle dera tempo ó resto dos partidos políticos para se posicionar en condicións.

En todo caso e se vostedes queren corrixir algunhas cuestións que poden ser entendibles dende a reinvindicación da representación sindical, fágano pero con todas as consecuencias e con todos os resortes porque poderemos entender en todo caso que hai que corrixir o desvío do IPC pero ata uns extremos minimamente razoables e non é iste o caso concreto que nos traen vostedes.

Vostedes, en canto á modificación parcial do convenio que traen aquí aplican criterios que a calquera persoa entendida no tema se nos escapan; ou non. Xa me dirán cómo para un concepto aplican un incremento dun

145,10%; a outro concepto lle aplican o 45,10% de incremento e a outro 10,81%. Non ten explicación; ou si, posiblemente si a teña pero non unha explicación racional.
En definitiva é exactamente o mesmo que fixemos nós e que chegamos a un acordo coa CIG e Comisións naquel intre e hoxe, ó mellor porque é o momento oportuno politicamente tráese aquí, pero se trae de xeito soterrado, non se lle permite o debate a este Pleno e nós non estamos en absoluto por permitirllo, por iso o falamos xa antes na comisión informativa porque nos parecía o momento, á parte doutras veces que tentamos do poñer enriba da mesa para o resolver; vostedes non quixeron e non nos queda máis remedio porque iste é o único foro que vostedes nos deixan para debater.
Pensamos que o que traen vostedes non é para cumprir, senón que para que "o que veña detrás que arree" e nós non estamos por ese labor.

SR. GRAÑA BARCIA: Só unha pequena análise do que ó noso entender significou o último ano deste Goberno en materia de persoal. Este Goberno dende febreiro dispón dun orzamento aprobado que lle facultou en materia de xestión de persoal para acometer dúas actuacións: unha partida por importe de 660.000 € para o fondo de adecuación de postos de traballo, a ben chamada valoración de postos de traballo, e unha oferta pública de emprego de 171 prazas.
Ata a actualidade ningunha destas medidas se executaron, sen embargo si se presenta hoxe perante este Pleno unha modificación orzamentaria de incremento do complemento de productividade por importe de 430.000 € e unha modificación do acordo regulador que significa un incremento de gratificacións de festivos, nocturnos, 24 e 31 de decembro, por importe de 570.000 €. Estamos a falar dun millón de euros.
Coma primeira conclusión podemos asegurar que o Goberno non executa aqueles obxectivos que identifica no seu orzamento e que polo tanto todos coñecemos. Sen embargo pretende agora, en decembro, sacralizar un acordo que nunca se coñeceu e que obviamente afecta ó orzamento. Non fan vostedes, señores do PP, o que deberían facer: convocar unha oferta de emprego de 171 prazas, non son siquera quen de dotar ó Departamento de Persoal dun xefe, non creo que existan moitas empresas de ó redor de 1.400 traballadores que non teñan xefe de Persoal no seu cadro de persoal. Si ocorre neste Concello.
Si fan o que non deberían: na sombra asinan acordos que nunca reflectiron cando presentaron o seu orzamento. Orzamento que lles lembramos que

puideron aprobar porque este grupo, nun acto de responsabilidade, abstívose na votación. Do menos que podemos falar é de engano.
Pero non só incumpren as súas obrigas, senón que esta proposta se apoia nun acordo asinado coas centrais sindicais o 27 de maio, ata o de agora descoñecido, que se presenta no mes de novembro e cun expediente que inicialmente carecía de informes técnicos que garantisen a legalidade de calquera acordo que puidese adoptar este Pleno.
Esta circunstancia obrigou a este grupo a solicitar a súa retirada da orde do día da comisión a fin de que se subsanaran tan graves defectos e tiñamos razón: o expediente estaba incompleto e mal formulado, pretendía someter a Pleno este asunto sen o pronunciamento do Secretario e máis do Interventor. Vostedes presentaron unha modificación orzamentaria e os servizos técnicos corrixíronlles.
Tamén é necesario un acordo relativo á modificación do actual acordo regulador. Asinaron un acordo en maio sen saber que implicaba unha modificación do convenio en vigor. A súa chafallada levoulles a ter que desistir do expediente anterior e presentar dous novos expedientes.
Pero ainda que teñan subsnado este erro, deben recoñecer cando menos a súa ineficacia. Non cumpren os seus compromisos públicos: a oferta pública de emprego e o fondo de adecuación e si asinan un acordo segredo o 27 de maio, presentan un expediente incorrecto e incompleto o 21 de novembro e convocan un Pleno extraordinario nestas datas, a punto de rematar o ano. Non é para se sentir orgulloso, Sr. Guerra.
Falemos agora da súa proposta. Concrétase por unha banda nunha modificación do acordo regulador que significa un incremento do valor do complemento de nocturnidade e de festividade e un recargo para os días 24 e 31 de decembro. Por outra banda unha modificación orzamentaria que implica un incremento da partida de productividade.
A contía da súa proposta como incremento de productividade é de 430.000 €; non esquezamos que o orzamento ten consignados para este concepto 512.000 € que xa sofriron unha modificación de 680.000. A contía da súa proposta por gratificacións é de 570.000 € sobre un orzamento aprobado dun millón e medio. En total estamos a falar dun millón de euros máis sobre o orzamento aprobado. Non é ningunha parvada, entre outras razóns porque o incremento do valor/hora de nocturnos e festivos consolídase.
A partir disto o silenzo. Vostedes falan de negociación. Qué negociación é isa? En qué se basea? Vostedes non negociaron, sinxelamente incrementan o gasto. En calquera proceso de negociación laboral interveñen dúas partes.

Quédanos claro que a representación sindical obtivo todas as súas reivindicacións pero, Sr. Guerra, qué obtén a administración que vostede representa? Algunha contraprestación? Un compromiso de reducción do absentismo? Nada. Sres. do Goberno, vostedes non negociaron, vostedes asinaron un cheque en branco.

De xeito especial o seu reparto de productividade que lembramos que é un complemento destinado a retribuir actividades extraordinarias, especial rendemento ou especial iniciativa ou interese e que non se axusta a ningún plan de obxectivos, só lembra ó reparto de "bufandas". Qué diferencia existe respecto ó ano anterior que xustifique este incremento? Onde está ese incremento de productividade singularizado? Curiosamente será a Xunta de goberno Local quen o distribua.

Pero o peor non é a súa incapacidade de acadar acordos equilibrados para ámbalas dúas partes, o peor é que asinaron un acordo imposible. Anticipámoslles que as súas decisións contraveñen ás Leis de orzamentos se superan o incremento máximo retributivo do dous por cento, desvirtúa o acordo regulador, as instruccións do cadro de persoal nas que se establecen os criterios obxectivos de distribución do complemento de productividade.

Ademais de imposible a súa proposta é insolidaria porque dispón tan xenerosamente dun millón de euros porque non convocaron a oferta pública de emprego. Explíquenlles a todos aqueles que sen emprego están a preparar unha oposición que o que se puido realizar dende hai meses en que se aprobou o orzamento, non se sabe cando se fará porque se utilizou ese crédito, o das prazas vacantes, noutros fins. Dende logo non poderán volver queixarse de que non fan cousas por parte de medios.

A súa proposta é un engano para os funcionarios, para os sindicatos, para os grupos municipais e para toda a cidadanía; só é unha burda estratexia política coa que pretenden presentarse coma grandes negociadores que acadan acordos, inda que sexan imposibles, para logo responsabilizar a outros, se impedimos a súa aprobación, de non poder cumprilos.

Non caeremos na súa trampa. Absterémonos nesta votación, a nosa responsabilidade queda a salvo, non é a nosa negociación, é a súa. Avisámoslles do seu grave erro pero as consecuencias deben asumilas vostedes que son quen asinan acordos indebidos e non nós, que co o noso comportamente sinxelamente tratamos de evitar que se cometan erros. Non asumiremos as consecuencias de actos que son da súa exclusiva responsabilidade.

Como todos sabemos que este expediente será fiscalizado por outros órganos de control e auditoria, anticipámoslles que se este acordo se informa negativamente, coma así cremos, esixiremos a súa responsabilidade nesta decisión.
Ademais existe outra razón. O respecto á lexitimidade dun comité de empresa que negocia a mellora das condicións laborais dos traballadores que impide o noso voto en contra ainda que non compartamos o contido desta proposta.
Son varias as conclusións que podemos acadar. A súa proposta verdadeiramente é impresentable por se visualizar nela un grao de ineficacia preocupante. Vemos a súa proposta e todo o proceso que levou a ela coma unha grande chafallada ainda en maior medida do que miramos noutras ocasións. Preocúpanos extraordinariamente a falla de transparencia que observamos no seu proceder en todo este proceso.
Por último e case que o peor de todo: o seu continuado afán de se amosar coma conciliadores, coma abertos en todo momento á negociación, en realidade o único que amosa é a súa debilidade antes as presións porque para quitar adiante un asunto tan importante esquecéronse totalmente da perspectiva negociadora entre todas as partes implicadas, en particular os grupos da oposición. So miramos unha falsa aparienza de negociación.
Nesta proposta a cidadanía poderá ver moi ben resumidos os principais compoñentes da súa forma de proceder política que dende logo que non compartimos. Absterémonos por respecto ós traballadores do Concello e por considerar que o Goberno debe asumir as consecuencias da súa negociación, sobre todo cando a súa pretensión é que ista sexa unha trampa para unha oposición responsable. Gracias.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar quero pedirlle perdón ó conxunto da Corporación e ós cidadáns por ter chegado tarde; estaba no meu despacho dende as oito e media da mañá e sofrín un despiste pensando que o Pleno era ás nove como temos pactado en Xunta de Voceiros repetidamente. Pero vostedes deberían pedir perdón por organizar as sesións plenarias a convenienza dos traballos das empresas que vostedes dirixen, non a convenienza nin no interese do conxunto da cidadanía viguesa.
Na Xunta de Voceiros dixémoslles que non compartiamos este horario. Vostedes seguiron para diante e fixeron a súa vontade desoindo absolutamente a opinión dos demais voceiros. Amósolle a miña máis enérxica protesta porque ademais insisto en que non foi para beneficiar ós interses

de Vigo, senón os intereses particulares, en todo caso respectabilísimos pero moi por despois do que debería ser o interse xeral.
Dito isto reitero o meu pardón porque non quero agachar a miña culpa no discurso que veño de facer porque o despiste foi meu, pero vostedes empecen a pensar que non se pode gobernar en función do que lles convén a vostedes e sen o conxunto dos intereses cidadáns.
Dito isto e para entrar no fondo do tema, un ás veces sorpréndese demasiado de escoitar discursos tan contundentes, coido que era Lampedusa o que dicía "hai que facer algo para que nada cambie"; pois tamén hai que discursear algo para que nada cambie. Parecen discursos moi duros na forma, moi profundos pero moi de deixar facer o que se quere deixar facer. Politicamente iso é o que hai e o demais son historias.
Digo isto porque hai dous ou tres aspectos no tema de persoal que quero suliñar; pretendo deixar claras as opinións do Partido Galeguista. Unha desas opinións é que a moitos nos parece que ás veces xustiza e lei non van da man. A Lei é unha cuestión que está aí, que nos obriga a todos nun Estado de Dereito pero que moitas veces non se corresponde coa xustiza.
É xusto que ós funcionarios de toda España lle teñan conxelados os soldos sucesivamente distintos gobernos e que lles poñan uns topes que realmente non lles permiten achegar os seus salarios ó que ten sido as modificacións do índice de prezos ó consumo? Na miña opinión non ainda que teño que matizar porque hai administracións que ás veces con manga excesivamente longa pactan salarios que non se corresponden coa realidade socio-económica e outras estreita; pretender equiparar con café para todos, sempre se prexudican os máis humildes ou os que menos retribuídos están como é o caso e na nosa opinión isto é totalmente inxusto.
Hai unha inxustiza de orixe pero tamén hai unha lei de orixe que é a Lei de orzamentos do Estado que coido que nos condiciona a todos, gústenos ou non; a min nin me gusta a Lei nin que me condicione o Estado en temas coma iste, pero o meu Partido é consecuente e responsable e é un partido que quere cumprir co Estado de Dereito no que estamos.
Xa entrando máis polo miúdo está o tema da organización do persoal do Concello de Vigo. Teño dito moitas veces que aquí hai moitos e moi bos funcionarios e tamén teño dito e para que se me entende perfectamente que algúns mangantes tamén, polo tanto calquera sistema de dirección de persoal ou sistema retributivo de "café para todos" tamén me parece manifestamente inxusto.

Non teñen vostedes feito a máis mínima intención por dirixir ó persoal desta casa; na opinión do Partido Galeguista hai un personal que está moi desmotivado. Vaia por diante para non confundir porque sería moi inxusto que hai unha grande maioría de xente responsable que traballa neste Concello, pero hai unha minoría que non traballa e mesmo hai outra que xa nin está e vostedes miran para o tendido e non sen enteran.
É a vostedes a quen lle corresponde a dirección do persoal e dígollo coa corresponsabilidade que lle corresponde ó meu grupo, coa que queremos asumir en todos os temas e mesmo niste, teñan a coraxe de gobernar que non o estan facendo en absoluto no tema de persoal. Estanse deixando ir seguramente presos desa política de inauguracións, flores, as cousas de quedar ben e nas de quedar mal ou non se entra, ou non se tocan coma ista, ou se mira para o tendido.
A verdade é que o noso pensamento da súa acción sobre o persoal é dos máis negativos que temos tido con respecto ó seu goberno.
Polo camiño tamén hai algunhas anécdotas: vanse dar de baixa vacantes no capítulo I, demostracións da súa ineficacia. Vostedes inflaron a mantenta o capítulo I no seu día e se non é así non son quen do poñer ó día. A resposta é unha desas dúas cousas, a min non se me alcanza outra e dígollo sinceiramente.
Exemplarizando nalgúns exemplos concretos, por exemplo témoslles dito que a Xerencia de Urbanismo non funciona ben, que é un problema de organización, de estructrura e que nin vostedes nin todos nós temos capacitación de suficente fondura técnica como para facela e teriamos que recorrir a alguén capacitado tecnicamente, a un consulting exterior que baixo a supervisión, a dirección e a responsabilidade de dirección e decisión política dos políticos para entroutras cousas para cumprir a Lei, para que se dean as licenzas no tempo que marca a Lei e vostedes son incapaces.
Hai unha Inspección de Tributos que ten un buraco porque non acaba de recadar o que debe e vostedes, que o saben, son incapaces porque xa levan tempo gobernando. Así lles podo citar uns cantos exemplos no Concello dunha mala dirección política, por non citar acordos a nivel de persoal. Cando foi o conflicto coa Policía Local eu lembro uns acordos; vostedes teñen conciencia de que se teñen negociado e cumprido eses acordos? O meu partido pensa que non. Tamén mesmo se pode falar de afrontas a algún colectivo profesional do Concello. Polo tanto a súa política de persoal deixa moito que desexar en todos os sentidos.

Xa para rematar a intervención que vou facer neste Pleno, outra reflexión: Falaba de inxustiza pero tamén de inxustiza retributiva. O outro día falaba cuns amigos que están traballando, falando con todos os partidos e non me importa dicir que falo do Comité de Persoal do Concello de Vigo, tentando de nos influir para defender os seus intereses, como lexitimamente deben e teñen que facer, polo tanto teñen a miña comprensión, afecto e respecto e coido que están a facer todo o que poden e deben e estano a facer ben en defensa dos intereses que teñen a obriga de defender.

Iso non quere dicir que os demais non teñamos que pensar. Eu díxenlles que a eles lles elixen para unha responsabilidade que é ben grande, por certo, e a nós para outra, para decidir, polo tanto temos que saber escoitar e decidir en función de qué. Dicíalles que me preocupa o igualitarismo; gústame a igualdade, dos dereitos iguais para todos pero en modo ningún do igualitarismo e vostedes van praticalo porque non son quen de entrar a valorar postos de traballo, traballos obxectivamente definidos por técnicos competentes porque nós non somos quen do facer, por tanto dicir qué retribución ten cada posto de traballo e en función diso os complementos de productividade que ten, etc.

Nin tentan siquera de entrar a fondo nas retribucións do persoal. É un tema moi complexo, non é nada fácil, pero como é difícil nin o intentan e por tanto renuncian a establecer o que a min me parecen elementais principios de xustiza. Eu non comparto o dito de que "igual función, igual salario" ainda que o entendo politicamente; calquera categoría, auxiliar, administrativo, o que queiran, a función é a mesma pero moitas veces os contidos son radicalmente diferentes e a adicación tamén.

Esas deben ser cousas retribuidas diferencialmente; a dificultade dun posto de traballo que ten o mesmo título que outro e dende logo a productividade de quen estando nun traballo determinado o exerce con entusiasmo, como moitos, ou ás veces non estando coma outros. Que a todos eses se lles vaia retribuir igual é profundamente inxusto na opinión do Partido Galeguista e vostedes van consumar unha enorme inxustiza.

Preocúpome moito máis polos que traballan moito que polos que traballan pouco, enténdano; ó mellor énos máis fácil a todos pechar os ollos polos que traballan pouco pero é profundamente inxusto que os que se eslomban (que os hai) a traballar estan recibindo a mesma retribución que os que non traballan ou non veñen e con ese sistema é o que van facer vostedes.

Logo están os informes técnicos. Sra. Alcaldesa, vostede e máis o voceiro do Partido Popular teñen santificado informes técnicos. Neste caso non din

que o que digan os técnicos porque non lles gusta ou non comparten eses informes; iso paréceme moi respectable, eu tamén o teño feito e vouno seguir facendo.
Por certo, que na miña opinión os técnicos que asinan estes informes son magníficos, para que quede claro, o que non quere dicir que non se trabuquen porque todos nos trabucamos. Por tanto eu non quero santificar en ningún sentido a súa decisión de a favor dos técnicos ou non; votan o que din os técnicos cando lles parece ben e cando non, non o votan e rematouse.
Dito iso, en función deses técnicos a nós é o que nos parece que se debera facer, é o que lle pedimos ó Pleno que se faga porque se pode facer o que se quere facer, dito doutro xeito, pero ben feito. Quede claro que o obxectivo de maior retribución nós compartímolo; dixen antes que non me gustaban esas leis limitadores do Estado que limitan dun xeito determinado e deixan algunhas portas por onde entrar.
Por qué non imos por esas portas? Por qué imos pola porta falsa de atrás? Pola súa incapacidade do gobernar, de coller ó touro polos cornos e dicir que hai que levar este camiño, que é máis longo, máis difícil, máis complicado pero coma mínimo é mellor para ser moi prudente, xa non digo o único e resolvería moito máis de fondo o problema de persoal. Vostedes non o abordan en absoluto.
Créanme que me atopo nun deses dilemas políticos de concienza porque me atopo nun sentimento que me comprime a inxustiza dunhas retribucións que moitos funcionarios as merecen mellores e se o meu discurso se colle ó pé da Lei tería que dicir que nada e non estou de acordo. Entón seguramente estaría cumprindo a Lei, non se con qué contía porque tampouco o santifico, a Lei pode ser torta ou dereita, pero dende logo quedarme cometendo un acto inxusto por crer honestamente que podería ser un aspecto legal.
En reflexión cos meus colaboradores neste caso preferimos o que lles pedimos formalmente ó conxunto da Corporación: primeiro suspender este Pleno; que con toda a celeridade técnica de que sexa quen se resolva este expediente positivamente para os intereses dos traballadores e polo tanto nin un peso menos da contía que vostedes poñen aí, para non confundir a ninguén, non se trata de ningunha rebaixa, trátase do facer ben e aí teñen o noso voto a favor anticipadamente.
Se non é así déixannos nun dilema terrible porque nos fan votar contra o que nos parece que non se debe facer ou cometer a inxustiza de que os que están traballando arreo e os que os defenden reciban un non por resposta. Anticípolles que nese dilema nós tamén escollemos a fuxida cara diante da

nosa abstención para chamar así ó que outros partidos, coma o noso, pretenden anticipar neste tema pero en modo ningún sería o que Partido Galeguista faría se detentase a Alcaldía de Vigo. Guste ou non quede honestamente explicitada a nosa opinión.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Comentábame un amigo que coñece ben esta casa que se algúns membros da oposición están tan enfadados será porque facemos algo ben e penso que algo de razón ten.

Hoxe é un deses días no que eu me sinto especialmente orgulloso de estar sentado aquí; coido que temos moitas razóns os membros do Grupo municipal do Partido Popular para estar satisfeitos e contentos do que estamos a facer pero coido que temos unha razón en torno do que estamos a falar que é fundamental: a coherencia á hora de tratar os temas de persoal nesta casa.

Antes de seguir adiante e entrar no fondo do tema, porque algún de vostedes non sei se é que están noutro Pleno ou que miraron outra axenda, quero dirixirme ó voceiro do BNG e facer unha pregunta en alta voz, quizais retórica pero que me chama moito a atención e é saber de onde ben ese halo que lles da a vostedes a superioridade moral e ética que defenden con tanta intensidade.

Eu afirmo que vostedes non teñen ningunha superioridade de ningún tipo: nin moral, nin ética, nin profesional. Moi pola contra vostedes ó longo do tempo que estiveron aquí o que fixeron foi tomar criterios ríxidos, inflexibles e iso, falando de recursos humanos que é do que estamos a falar hoxe, é un grandísimo erro.

Vostede falaba da historia; vostedes son escravos da súa historia, non do que non fixeron senón do que fixeron, precisamente porque iso está na memoria de moitos dos empregados, moitos dos cidadáns. Lembren que vostedes tiveron moito tempo responsabilidades de goberno e por iso eu, cando estaba a mirar a posta en escena, para a entender tiña que entender un pouco de psicoloxía, case do espírito froidiano porque me parecía que a súa explicación ten que haber algo así como unha grande frustración, como algo que puido ter sido e non foi porque non había a flexibilidade suficiente, a capacidade de dar un paso adiante para poder chegar a un acordo.

Nós trabucarémonos moitísimas veces, estou seguro diso e vostedes mencionaron algúns erros que eu vou aceptar. Trabucámonos e tratamos de asumir eses erros pero o que non facemos é poñer o escudo do “non” ante calquera petición que se nos fai e non o facemos porque iso é unha

responsabilidade pero a máis é un grave erro cando estamos a falar de xestión de persoas e de recursos humanos.
Ademais vostedes saben que os puntos que traemos hoxe a Pleno teñen tres características básicas: a primeira que son xustos; a segunda que son posibles e a terceira que son positivos para esta cidade e para os traballadores desta casa. Se estes tres puntos son así, só dende a frustración pódese entender que vostedes sexan tan belixerantes co que se está a propoñer hoxe aquí e non vexo outra razón.
Por iso lles pido que miren dunha vez cara adiante e que quiten o freo de man que vostedes ten cando tratan de asuntos de persoal. A verdade é que non son moi optimista porque o outro día na comisión de Xestión Municipal vostedes déronme unha clave do por qué desa belixerancia e é moi clara. Un dos seus voceiros dicía: "Eu veño aquí a falar de política" e aí está a diferencia.
Sei que vostedes teñen unha alta estima dos seus coñecementos políticos e falan moito de política, pero do que estamos a falar aquí, hoxe, é de xestión de recursos humanos, de persoas e da motivación das persoas que prestan os servizos que os cidadáns nos pagan a nós. Estamos a falar de motivar a esta xente e non de política.
Eu non son ninguén para dar leccións, teño algunha experienza en xestionar persoas, facer e asinar contratos e xerar postos de traballo, pero cando un se enfronta á xestión de persoas, á xestión de calquera organización, da igual que sexa municipal ou non, hai tres factores dos que xa falei algunha vez neste Pleno e que hai que ter en conta.
O primeiro chámase tecnicamente "determinantes", a estructura, o corazón da organización, aquilo que non se pode cambiar ainda que un queira, ou alomenos non se pode cambiar a curto prazo; é un primeiro factor que hai que ter en conta. O segundo factor cando se fala de xestión de recursos humanos son os obxectivos que un se quere formular; os obxectivos teñen que ser acadables, posibles e ademais teñen que ter que ver coa estructura da propia organización. Pódense maxinar un corredor de maratón tentando ganar a un campeón de cen metros lisos, é imposible porque a estructura do atleta non llo permite por moito que se propoña o obxectivo.
O terceiro elemento que hai que ter en conta cando se fala de recursos humanos é a flexibilidade, ou chamada doutro xeito a motivación por chegar a un acordo, chegar acordar cousas coa representación dos traballadores neste caso.

Estou absolutamente seguro que vostedes nin o quixeron entender nin o van entender porque tratar de corresponder a eses tres principios básicos da xestión dunha política de recursos humanos significa complicarse a vida, falar coa xente, ceder, ter que negociar. Eu sen dedicación reuninme máis veces nun ano que vostedes en toda unha lexislatura e tiven que discutir unha e outra vez ata chegar acadar acordos.

Non aspiro a que vostedes teñan en conta estes tres principios fundamentais. Ademais saben perfectamente que a marxe de manobra que se ten estando nunha administración pública é relativamente pequena e cando se fala de implementación de políticas de motivación das persoas, de implicación nos resultados, realmentes as marxes de mellora son pequenísimas.

Coido sinceiramente que as cousas son moito máis sinxelas. Neste Pleno estamos a falar de dúas cousas. A primeira a modificación puntual do Acordo regulador no que se refire a nocturnidade e festividade. Para facer un pouco de historia e que a xente se situe, en 1990 no primeiro convenio falábase de nocturnidade e festividade e falábase dunha paga, dun recargo polo traballo nocturno e festivo que eran 100 pesetas naquel caso e o 50% sobre o custo da hora no segundo caso.

Estas cantidades fixáronse e estiveron en vigor ata o ano 1999 en que se asinou o terceiro convenio nesta Corporación. Nese momento as cantidades fixáronse en 0,90 euros e 2,26 euros. A partir daquel momento o único que se aprobaron foron as actualizacións deses importes no que chamamos o IPC estatal que vostedes mencionaban do famoso 2%, situándose hoxendía en 1,06 euros e 2,50. Coido que isto, no ano 2005, fala por si só.

Vostedes que falan de que temos que xestionar persoas, do que temos que nos dar de conta é se isto é unha boa política de remuneración das nosas persoas, se os traballadores que van traballar en xornada nocturna ou festiva se poden sentir motivados e polo tanto traballar coa máxima productividade con esta paga. Iso é o que temos que ter en conta.

Ademais, se sabemos que en cidades limítrofes similares á nosa, na Coruña teñen unha paga de 130/120 euros fixa; en Santiago 130 euros; en Ourense 3,80; Pontevedra 50% máis de pago de recargo sobre o custo; en Oviedo 6,80. Se temos en conta a todas estas cidades e vemos o que pagamos nós ós nosos traballadores que neste intre lémbrolles que é 1,02 e 2,50, darémonos de conta que sendo minimamente bos xestores temos que ter en conta esta situación e polo tanto tratar da cambiar e non poñer un escudo noutras cousas.

O segundo elemento que estamos a discutir neste Pleno é a modificación dunha partida de productividade. Non sei como estraña tanto este tema porque eu teño unha carpeta chea de cambios de productividade, de modificacións de crédito para pagar productividades, non ven agora ó caso falar dunha por unha; é unha práctica habitual nesta casa e saben que o complemento de productividade é unha ferramenta que temos para pagar o traballo, a boa adicación dun ou varios traballadores desta casa.
Como ben dicía a Sra. Graña, a oferta pública de emprego deste ano ainda non está concretada pero lémbrolles que no ano 2003, cando vostedes gobernaban, non fixeron oferta pública de emprego; no ano 2004 non puidemos facela porque non tiñamos orzamentos, vostedes nolo botaron abaixo. No ano 2005 efectivamente convocamos a oferta pública máis grande dos últimos anos da historia municipal e ainda non puidemos concretalo e nese sentido non estamos cumprindo os prazos que a min me gustaría, pero iso é un feito.
Polo tanto os traballadores efectivamente teñen que traballar con máis esforzo e iso é o que considera esta concellería para pedir este incremento na partida. Eu son economista e os números gústanme especialmente, vostedes mencionaron que se era o 50%. O que estamos propoñendo hoxe é menos do 0,01% da masa salarial municipal e, por certo, utilizando fondos do capítulo I e non desviando fondos dese capítulo para calquera outra necesidade coma pode ser publicidade ou outro tipo de cousas como podo desmostrar.
O que estamos a facer sen máis é tratar de pagar unha productividade a uns traballadores desta casa.
Sobre o tema da legalidade que mencionan, coido que non leron os informes. O que nos din é que o cambio de nocturnidade e festividade ten que pasar por Pleno e aquí estamos a discutilo; tamén din que "...o establecemento non determina contías para cada unha das horas traballadas en servizos extraordinarios, contías respecto das que as administracións públicas gozan de discrecionalidade obxectiva na súa aplicación".
Estamos discutíndoo con vostedes e fixemos esta proposta. Qué ten isto de ilegal? Antes tiñamos entre nós un xuiz e agora todo o mundo quere ser xuiz e valora a legalidade. Isto que estamos a facer é perfectamente legal, o que creo é que vostedes esquecen que existe unha lei de Grandes Cidades e nós temos a obriga da cumprir e temos que traer a Pleno o indicado; o resto son cousas que ten que ver a Xunta de Goberno Local.
Por certo que informándome deste tema da Lei das Grandes Cidades chamei ó meu grupo municipal en Pontevedra e resulta que gobernando o BNG en

Pontevedra aplican a Lei de Grandes Cidades e a día de hoxe non a queren retirar, quérena cumprir. Pois nós tamén imos cumprir esa Lei como é a nosa obriga e deber.
Sra. Graña, efectivamente ten razón, a oferta pública de emprego do ano 2005 tería que estar máis avanzada. Asumo esa crítica. Imos facer todo o posible porque se faga o antes posible, pero lembre tamén que no ano 2003 non había unha oferta pública de emprego e que no ano 2004 non se puido convocar por razóns de orzamento, coma sabe.
Sobre o tema dos informes técnicos xa comentei que me parece absolutamente falso que lendo minimamente os informes se diga que o que estamos a propoñer hoxe non ten informes técnicos. Están aquí e a disposición de calquera. O único que lles pido é que teñan claro o que estamos votando e que teñan amplitude de miras para, coma dicía antes, quitar ese freo de man que vostedes levan posto.

SR. VIEITEZ ALONSO: Por se lle queda algunha dúbida quero clarexar que non quero ser xuiz. Noutro aspecto vostede fala da Lei de Grandes Cidades, sen embargo na proposta sobre a que están a traballar, órganos que vostedes crearon se quedan fóra.
Permítanme corrixir a intervención da voceira do PSOE porque nós estamos convencidos que a oferta de emprego pública vostedes si están a executala ainda que dun xeito fraudulento, nunca houbo tanta precariedade nin eventualidade neste Concello como hai nestes intres. Comisión tras Comisión de Goberno contratacións por tres meses dos postos que sexan, ás actas lles remito e iso si é executar a oferta de emprego ainda que dun xeito fraudulento, evidentemente.
A verdade é que tiña pensado facer outra intervención pero me vou limitar a ler determinadas cuestións que coido que son moi interesantes e pódennos refrescar a memoria a todo o mundo para que vexa exactamente quen ten os compromisos firmes e quen está a xogar. Vou ler algunhas intervencións do Pleno do 25 de marzo de 2002, dígoo porque veñen a conto.
Sobre a inxustiza das retribucións, iso demóstrase na práctica e non nos veña dar leccións porque en todo caso no lugar correspondente é onde hai que traballar para que esa inxustiza se elimine dentro da función pública. Remítome ós orzamentos xerais do Estado, á lei que acompaña e ás emendas e só o BNG ten presentado emendas deste tipo. Voume remitir ós anos 2002, 2003 pero podo facelo dende o ano 2000 en que o BNG tivo representación no Congreso e ista foi unha das nosas máximas teimas.

Emenda literal: “Substitúese a expresión 2% por 5,5%”. Aquí é onde se traballa e non en declaracións cara á galería. A xustificación: “A limitación a aprobar un aumento retributivo por parte das comunidades autónomas ó persoal ó seu servizo por riba do establecido na presente Lei non ten amparo ó vedar os títulos invocados. Ademais de ser totalmente inxusta mesmo a posibilidade de actuar sobre retribucións complementarias e non ter en conta ós distintos IPCs das comunidades autónomas”.
Outra emenda no 2003, porque aquí é onde se demostra o traballo e non nas declaracións. Á parte de propoñer que se suba o 5,5% en vez do 2%, di: “Con independenza do establecido no parágrafo anterior, as pagas extraordinarias dos funcionarios en activo, do persoal estatutario e do restante persoal sometido á réxime administrativo, terán un importe cada unha delas dunha mensualidade de soldo e trienios, ademais do complemento de destino e complemento específico que reciba cada funcionario”.
Pódolle seguir lendo as distintas emendas que temos presentado ós Orzamentos xerais do Estado porque é precisamente aquí onde se corrixe esa deficiencia e dáselle cobertura legal ás declaracións.
Dín vostedes que algo están facendo ben. Voulles ler o que manifestaron porque está de actualidade; non somos reféns de nada senón que estamos analizando isto e é o que vostedes non traen a debate. A intervención do Partido Popular dicía así:
“Sr. Alcalde, en primeiro lugar ó noso grupo gustaríalle que nos respostase a unha cuestión de fondo de todo o tema; o noso Grupo pedíu o día 20 de marzo nun informe asinado por 9 concelleiros deste Grupo, é dicir, un tercio da Corporación, para que por parte da Secretaría Xeral e pola Intervención Xeral se nos informase de varios aspectos que vou ler. Secretaría Xeral: informe xurídico que motive a cobertura legal do expediente devandito, indicando as disposicións e normas que o amparan así como o cumprimento dos límites legais orzamentarios ... A nós parécenos que está infrinxindo claramente a normativa, é dicir, neste Concello sempre que hai unha aprobación inicial ven cos informes pertinentes pero, ¡alá vostede! Nós temos perfectamente claro que estamos solicitando algo para poder debater con absoluta tranquilidade este asunto. Se logo hai reclamacións ou calquera outro tipo de demandas non pense que somos nós os que estamos a poñer trabas; estamos avisando e gustarianos poder votar isto afirmativamente pero creo que, á parte de que estamos solicitando os informes, estanos privando ós membros da Corporación de algo tan elemental como ter os informes xurídicos e da Intervención para tratar o fondo do

tema ... Pero vostedes o que están a facer é unha trécola que seguramente este ano resolverana deste xeito pero eu a pregunta que lles fago é: Se o ano que ven, polas circunstancias que sexan, non hai orzamento, no orzamento prorrogado ¿qué vai acaecer o ano que ven? Gustariame que me respostase a Sra. Interventora Xeral se no orzamento do ano que ven van estar consignados eses 400 millóns de pesetas de haber unha prórroga."
Pensemos nisto. Daquela dicía que "...Se alguén recorre este tema, non pensen que os malos somos os que imos votar en contra ou os que non estamos de acordo; estámoslles a dar todos os argumentos para que vostedes fagan ben este expediente, cubran os trámites administrativos que teñen que cubrir con absoluta transparencia".
E unha reflexión que vostedes botaron daquela enriba da mesa e que agora lles boto eu: "Ó mellor pensan que xa están derrotados e así o vindeiro ano quen veña que o arranxe, seguramente. Eu creo que esa é a imaxe que está dando este Goberno: que está derrotado, que lles dá exactamente igual todo, que van resolver un conflicto cos sindicatos e o vindeiro ano, pois quen veña detrás que o arranxe; esa é a imaxe que están a dar vostedes."
Vostede non respostou á pregunta que lle fixen que era se a proposta que traen e que teñen oculta, é xusta, posible e positiva, qué cambiou a valoración e a proposta económica que fixemos naquel entón con respecto á que teñen nestes momentos? É que antes ó mellor non era o momento político e non se podía aprobar? A iso non me respostou. Cal é a motivación para chegar a acordos que vostede din se resulta que teñen a mesma proposta que tiñamos anteriormente? Non hai modificación substancial de ningún tipo e daquela se negociou, se cedeu e se chegaron a uns acordos. En qué cambiou o acordo que naquel momento tiña o grupo de Goberno con Comisións e a CIG e agora o que teñen vostedes con Comisións, CIG, UXT e SICO?
Por último ó mellor é que vostede non leu, non quixo ler ou tamén e posible que non coñeza, pero a respecto do que fala sobre eses complementos que hoxe traen e que insisto en que non teñen xustificación de ningún tipo, suben a uns a nocturnidade un 145,10%, a festividade un 45% e o 24,31, 10,81%. Non ten ningunha xustificación. En todo caso sería un incremento para todos.
Pero a Lei a respecto destes complementos di que estas características deben estar recollidas no complemento específico e de destino e foi esa a nosa proposta nesa valoración que vostede ten aí achantada o que se mantivo porque, efectivamente, consideramos que son circunstancias excepcionais e que hai que as recoller á parte. Non modificou absolutamente nada o acordo

que tiñamos antes co que non traen vostedes de xeito encuberto nese aspecto.
Nós cremos nisto, cómo non o imos facer, entre outras cousas porque nós fumos os que llo puxemos a andar. É certo que é un tema tremendamente difícil e complexo que sairía daquela se vostedes non o boicotearan. Non podemos recorrir ó Subdelegado ou ou Delegado do Goberno, vostedes si recorriron que todo se sabe, pero nós si seguemos crendo niso a pesar dos custos e das cambadelas que tivemos naquel entón e seguimos crendo, senón non o poñeriamos en marcha nin daquela, nin agora.
Por iso, está tan ben feito que vostedes non poden modificalo porque non o fan substancialmente e por iso nós imos permitilles que isto siga para adiante pero criticamos unha vez máis o xeito de proceder de vostedes que realmente non ten xustificación de ningún tipo.
Gracias por se adiantar, Sr. Guerra, pero non imos votar en contra, ímonos abster porque cremos neste tema, fumos que fixemos isto e precisamente porque fixemos o que traen agora aquí é o que nos permite seguir mantendo a nosa postura. O que teñen que mudar son as formas, da a impresión que Acebes e Zaplana tamén seguen mandando nesta cidade.
Só un comentario: a única medalla que se poden poñer vostedes é a de paralizar este proceso durante tres anos e facer perder poder adquisitivo ó conxunto do funcionariado porque o que teñen enriba da mesa insisto en que é exactamente o mesmo, non modificaron absolutamente nada. Paralizaron durante tres anos a posta en marcha da valorización dos postos de traballo que non era única e exclusivamente unha redistribución económica, senón que precisamente era para corrixir determinados desguisados que vostedes fixeron no seu mandato e que por consenso, nunha comisión ampla, chegamos todos a un acordo.
Así é como hai que traballar e non como o fan vostedes, así é imposible concitar consensos e unanimidades, ábranse vostedes á participación de todo o mundo e mirarán como o resultado é totalmente diferente.

SRA. GRAÑA BARCIA: Sr. Guerra, realmente non vemos nin o orgullo nin a coherencia, só existe pola súa banda unha asunción parcial dunha certa responsabilidade do que significa a oferta pública de emprego deste ano. Sen embargo non foron vostedes quen de respostar ningunha das críticas que se verteron na nosa anterior intervención. Non son quen de falar do que está a ocorrir realmente coa valoración, coa oferta pública, non foron quen de falar dun acordo descoñocido o 27 de maio, non son quen de falar dun

expediente que presentan incorrectamente, do que teñen que desistir e presentar dous novos, non foron vostedes quen de falar de todo o que iso significa coma transparencia e coma diálogo.
Non pretendemos convertírmonos en xuíces, nin cremos tampouco que este sexa o momento nin o lugar para grandes e profundos debates filosóficos sobre a xustiza, Sr. Guerra. O único que lle estamos a formular é unha dúbida razoable, unha advertencia.
Sr. Guerra, reiteramos que o seu acordo é imposible, desequilibrado e insolidario e só exclusivamente o respecto ós traballadores e evitar caer na trampa que pretenderon tendernos, lévanos á abstención a pesar de desaprobar a súa proposta.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Guerra, vostede empezou a súa intervención cunha manifestación xenérica que di que nos tralada dun amigo de seu, na que dicía algo así como "están enfadados porque algo estaremos a facer ben". Cando menos a nós iso non nos toca, temos tentado axudarlles a pasar esta etapa penosa da política Viguesa por todo o que pasou, do mellor xeito posible en todas as circunstancias; nesta tamén.
Confésolle que estiven enfadado con este expediente por dúas razóns. Cun tema deste calibre, qué pasará se este expediente non se aproba noutras instancias e volta para atrás? Quen terá que xestionar o tremendo "marrón" diante do persoal municipal? Cántas xestións fixeron vostedes con outras institucións para saber se lles parece viable ou non este asunto? Ou hai que mandar unha carta como a Fomento? Porque así non se resolven as cousas.
O que cómpre facer, mesmo coa parte de soberanía que poida ter este Pleno e que ten en distintos aspectos, estamos suxeitos a unha serie de procedementos que conviría polo ben de todos, do Concello e máis dos seus traballadores, ter máis ou menos claros. Dende logo que eu se fora Alcalde de Vigo e levara a súa responsabilidade tería falado coas institucións competentes que teñan que dicir algo porque senón sabe onde nos poderamos meter que é a miña dúbida e, non quero facer de agoreiro, pero non vai recorrir o Partido Galeguista nada.
Amolariame facer de agoreiro e de profeta pero se como fixeron vostedes fixeron un recurso anterior, calquera cidadán está lexitimado para o facer e se é así o tiran abaixo. Se xa se fixeron retribucións ós traballadores e téñenas que devolver, quen e cómo se xestiona isto? Claro que estou enfadado pola súa irreponsabilidade de cómo están xestionando este expediente.

Se vosteden me din que fixeron as xestións oportunas e realmente entenden que esta viabilización pode ser posible, eu estaría encantado votando isto, co fondo do tema non teño ningún desacordo á parte do que xa lle dixen de cómo se fai sen desenvolver conceptos nos que vostede mesmo, Sr. Guerra, estou convencido que cré. Hai distintos tratados sobre recursos humanos e vostede falaba dalgunhas premisas que están recollidas nalgún deles; outros recollen outras pero da igual.
Falaba das situacións determinantes, da estructura, da organización, pero as situacións determinantes non o son para toda a vida, son determinantes en función de que non hai vontade política de cambiar esa determinación. Antes xa lle dixen que vostedes non fixeron absolutamente nada por reorganizar ningún departamento desta casa.
Fixeron algunhas cousas que me preocupan moito máis, fixeron políticas de amiguismo e iso tamén é profundamente inxusto.
Créame que estou fondisimamente preocupado porque vostedes poden estar colleitando hoxe aplausos que algún día se tornen lanzas contra toda a Corporación se realmente hai que xestionar isto doutro xeito e voltar todo para atrás. Iso é o que me ten fondisimamente preocupado e é o que me fai navegar sen saber para qué banda ir. Díxenlle o que eu faría e por iso lle dixen que deberan de ter a coraxe política de suspender o Pleno, realizar as negociacións que ten que facer a Corporación, viabilizar este acordo, falar cos Ministerios correspondentes e darlle viabilidade técnica, legal e cobertura para que non haxa o máis mínimo problema.
Vostede soamente se apunta ó aplauso de hoxe; Deus queira que ese aplauso non se volte doutro xeito e déixeme que lle diga que non me alegraría en absoluto pero quédome fondamente preocupado.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Só quero reflexionar en voz alta sobre o formulamento que fixo o Sr. Vieitez de qué é o que pasa agora para que cheguemos a acordos cos sindicatos se antes non o fixeron. Ó mellor isto resposta a ese espírito de frustación que eu mencionei con anterioridade. Eu non lle vou contar o meu segredo, sei que son moitas horas de traballo, moitas de tentar chegar a acordos, poñer cousas enriba da mesa e dar pasos adiante.
Repito que coido que ten que quitar o freo de man, mirar cara adiante e non cara atrás. Teño moitísimas actas, acordos, paseime toda a fin de semana lendo, podería quitar unha morea de frases fóra de contexto.
Coido que vostedes o que teñen que dicir aquí é se queren que estes acordos vaian adiante ou non e nada máis.

SR. CABALLERO MUÑIZ: Sra. Presidenta, só para excusar a presencia da miña compañeira membro da Corporación Belén Sío que por motivos familiares graves tivo que se ausentar deste Pleno.

1.- (283).-APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de novembro de 2005, o secretario xeral do Pleno informa do que segue:

“O expediente 16114/220 instrúese coa finalidade de que o Concello-Pleno autorice o incremento da contía destinada ó pago do complemento retributivo de productividade nun importe de 1.000.336,70 € ó resultar insuficiente a consignación existente para ditos fins a día de hoxe.

Remitido o expediente ó previo dictame da Comisión Informativa de Xestión Municipal o órgano citado, na súa reunión de data 21.XI.2005, solicitou a incorporación dun informe xurídico ademais dun novo informe da Intervención Xeral e outro da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

Con data de 24.XI.2005 o Interventor Xeral do Concello emite o informe de fiscalización que consta no expediente, así mesmo, ós efectos anteriores, o Secretario Delegado da Comisión remitíu copia do expediente á Asesoría Xurídica e á Subdelegación do Goberno para que procedan do mesmo xeito.

Non obstante ó anterior polo Concelleiro Delegado de Persoal solicitouse verbalmente en data de 25.XI.2005 desta Secretaria Xeral do Pleno informe xurídico en relación coa proposta formulada.

O art. 122.5.e) 1º da LBRL indica que corresponde ó Secretario Xeral do Pleno o asesoramento deste órgano e das súas Comisións mediante a emisión de informes xurídicos cando así o ordene a Presidencia da Corporación ou un tercio dos Concelleiros. Esta Secretaría ven considerando que tal requisito se cumpre cando o informe o solicita un Concelleiro Delegado en relación coas funcións nel delegadas pola Alcaldía, prodece, polo tanto, a emisión do seguinte,

<u>INFORME</u>

I.- Como se fai constar nos informes ata agora emitidos débese distinguir entre o acordo plenario autorizando o incremento da contía global destinada o Complemento de Productividade e a Resolución da Alcaldía instrumentando e materializando a modificación orzamentaria que se autorice. O criterio desta Secretaría é coincidente cos fundamentos xurídicos expostos e cos preceptos invocados nos citados informes que residencian no Pleno a decisión autorizatoria previa.

II.- Da orde de servizo da data 2 de novembro despréndese un erro pois obsérvase que o incremento proposto na contía global destinada ó Complemento de Productividade (1.000.336,70 €) ten dous oríxenes diferentes dado que uns feitos responden á idea de gratificación e outros a idea de productividade, en efecto: por un lado indícase que tal importe é consecuencia “dun novo recargo nos pluses de nocturnidade e festividade” e dunha nova compensación por traballos efectuados nos días 24 e 31 de decembro (gratificación), por outro dedúcese que o importe restante, é dicir, 430.224,43 € está destinado a retribuir “a actividade extraordinaria ó especial rendemento á iniciativa ou interese con que determinado persoal municipal desenvolve as funcións inherentes ó posto de traballo que desempeña”, (productividade).

III.- A Xunta de Goberno Local, ven retribuindo mediante gratificacións ó persoal municipal que desempeña servizos en xornadas festivas e/ou nocturnas, é dicir, fora da xornada normal de traballo, así mesmo as vixentes Instruccións de Plantilla no seu apartado cuarto conciben tales servizos como gratificacións, o Tribunal Supremo, respecto das retribucións que deben percibirse por traballos en horas nocturnas ou festivas, en reiterada Xurisprudencia, (S. de 22.XII.1995 R.J. 1995/1998 e outras que nela se citan), ven indicando que ditas retribucións só poden ser gratificacións por servizos extraordinarios en tanto en canto este concepto, a tenor do sinalado no apartado d) do art. 23.3 da LRFP, retribúe traballos realizados “*en una jornada que no se considera normal*” (sic), en definitiva: “*en periodos de jornada de naturaleza más penosa dado que la mayoría de las personas descansan durante los mismos*” (STSJ Madrid de 31.III.2001, JUR 2001/222262).

Se o que se pretende, segundo a Mesa de Negociación do 27 de maio de 2005, é imputar o traballo realizado en xornadas nocturnas ou festivas un “novo recargo” nos importes unitarios das horas traballadas o que procede non é a percepción dun complemento de productividade, que nada ten que ver e que responde a outros criterios, senón á modificación puntual do Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais dos Traballadores do Concello de Vigo que é o instrumento xurídico que determina o importe de tales recargos, modificación que, de levarse a cabo, posibilitaría con posterioridade o pago das gratificacións devengadas inclusive co carácter retroactivo que se pretende.

A modificación mencionada, ó amparo do sinalado no art. 123.1.d) da LBRL debe ser inexcusablemente acordada polo Pleno dado o carácter normativo que ten este instrumento xurídico (SS.T.S. de 29.IX.1997, Ar. 6932 e 14.IV.2000) e segundo se desprende do indicado “in fine” no art. 32.a) da LOR.

O establecemento dunha determinada contía para cada unha das horas traballadas en servizos extraordinarios, contía respecto da que as Administracións Públicas gozan de discrecionalidade obxectiva na súa fixación, adecúase ó art. 23.3.d) da LRFP dado que a súa percepción non se establece de forma fixa nin periódica senón que en todo caso dependerá da prestación, ou non, de tales servizos e do número de horas realizado.

A previsión anual polo concepto “gratificación” por este e outros motivos haberá de respetar o límite previsto no art. 7.2.c) do RD 861/1986.

Polo que se refire ó Complemento de Productividade (430.224,43 €) debe advertirse, tal e como se sinala nos informes emitidos pola Xefa da Área de

Réxime Interior de data 11.XI.2005 e polo Interventor Xeral en data 24.XI.2005, que as razóns obxectivas que no seu caso determinaran a percepción desta retribución especificaranse nas diferentes propostas que neste sentido efectuen as distintas Xefaturas de Servizo, propostas que, previa a súa fiscalización, serán consideradas e resoltas pola Xunta de Goberno Local.

<u>CONCLUSIÓN</u>

Procede que polo Concelleiro Delegado de Persoal se dicte orde de servizo no senso de desistir na tramitación do expediente 16114/220 dando conta delo á Mesa Negociadora, procedendo, se así se estima conveniente, e en cumprimento dos acordos acadados no seo dese órgano, a incoación de dous novos expedientes: un referido á autorización de ampliar en 430.224,43 € a contía global do complemento de productividade e outro referente á modificación dos importes unitarios dos recargos e compensacións previstos nos parágrafos sexto e noveno do art. 10 e parágrafo segundo do art. 16.B.a) do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo. Indicarase que para o ano 2005 as cantidades que en concepto de gratificación se liquiden en virtude dos novos recargos aprobados terán efectos dende o día 1 de xaneiro.

Ós expedientes incorporaranse proposta de acordo, informes xurídicos da dependencia xestora e informes de fiscalización da Intervención Xeral. Serán resoltos polo Pleno previo o seu dictame pola Comisión Informativa de Xestión Municipal. O proxecto de modificación do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo deberase aprobar previamente pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.a) LBRL).

Non procede na fase de instrucción destes expedientes dirixirse á Subdelegación do Goberno na Provincia ó obxecto de que por este órgano se emita informe xurídico sobre a adecuación á legalidade das propostas de acordo que se formulen. Nin pode nin debe a Subdelegación do Goberno emitir este informe. Este control de legalidade, de producirse, instrumentarase de conformidade co procedemento previsto no art. 65 da LBRL.”

Con data 29 de novembre o concelleiro delegado de Persoal ordea que pola Unidade de Persoal se instrua proposta ó Pleno da Corporación co obxecto de modificar o Acordo Regulador.

Con data 30 do mesmo mes a xefa da Área de Réxime Interior emite o seguinte informe:

“Mediante orde de servizo dictada polo Concelleiro Delegado de Persoal no día 29 de novembro intruíuse expediente que ten por obxecto a modificación dos importes unitarios que o Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo prevé en relación coas horas traballadas en xornadas nocturnas e festivas, importes que veñen establecidas nos parágrafos seis e nove do art. 10 do instrumento xurídico mencionado. Así mesmo a orde de servizo menciona a modificación da compensación prevista no parágrafo segundo do art. 16.B.a) referida ós traballos efectuados nos días 24 e 31 de decembro.

<u>INFORME:</u>

O Acordo regulador das condición económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo ten unha indubidable natureza normativa, así se desprende das SS. Dictadas polo TS en data de 29.IX.1997, AR. 6932 e 14.IV.2000. Á mesma conclusión chega a doutrina especializada e en concreto a redacción do “Consultor de los Ayuntamientos” en contestación efectuada en escrito de data 23 de novembro, a consulta formulada polo Titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno desta Corporación que se incorpora ó expediente. Doutra banda o art. 32.a) “in fine” da LOR, cando fala das materias que deben ser obxecto de negociación nas Mesas Negociadoras das diferentes administracións públicas, advirte que o incremento das retribucións dos funcionarios incluirase nos proxectos normativos das administracións locais e autonómicas.

O carácter normativo do Acordo Regulador determina que sexa o Pleno da Corporación o órgano municipal competente para levar a cabo tal modificación puntual en tanto en canto lle corresponde a atribución de “aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais” (art. 123.1.d) LBRL).

As previsións contidas nos diferentes instrumentos normativos non son inalterables, xustificadas razóns de interese público poden recomendar a variación das mesmas a fin das adaptar ás esixencias ou circunstancias que no seu día non existían, ou non foron consideradas, daí que a potestade municipal de autoorganización deba extenderse á modificación (“ius variande”) dos instrumentos nos que se materializa sempre e cando esta modificación non resulte arbitraria, así mesmo entendemos que o establecemento dunha determinada contía para cada unha das horas traballadas en servizos extraordinarios –contía respecto da que as Administracións Públicas gozan de discrecionalidade obxectiva na súa fixación- adecúase ó art. 23.3.1) da LRFP dado que a súa percepción non se establece de forma fixa nin periódica senón que en todo caso dependerá da prestación, ou non, de tales servizos e do número de horas realizado.

A modificación que se propón ten a súa orixe na Mesa de Negociación realizada en data 27 de maio de 2005 entre o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e os representantes das distintas centrais sinaladas, é dicir, no marco da negociación colectiva prevista na LOR, e no marco dos títulos competenciais que poden ser obxecto desa negociación.

Aínda que a data de hoxe os denominados “recargos” de nocturnidade e festividade mencionados no art. 10 do Acordo e a “compensación” prevista no art. 16.B.a) véñense percibindo en concepto de gratificación, o certo é que tales servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo non están incluidos dentro dese concepto retributivo polo que tales “recargos” e “compensacións” puideran concebirse como conceptos non previstos no art. 43 da LRFP e polo tanto como causa de anulación. Por elo, a fin de evitar inseguridades xurídicas, buscando a mellora da técnica xurídica e o fio da modificación proposta procede asemesmo variar neste aspecto a redacción dos artigos mencionados denominando “gratificacións” ós conceptos aludidos.

Para a modificación dos instrumentos normativos debe observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación segundo determina o parágrafo segundo do art. 56 do TRRL, neste sentido, de conformidade co previsto no art. 49 da LBRL o procedemento require a aprobación inicial polo Pleno do Concello; información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias e resolución de

tódalas reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo no acordo de aprobación definitiva polo Pleno, acordo que neste caso debe ser expreso e formal de conformidade co sinalado no parágrafo terceiro do art. 35 das LOR.

Os acordos plenarios deberán adoptarse co quorum da maioría simple de votos segundo o art. 122.2.2º parágrafo da LBRL, non obstante o proxecto de modificación que se propón con anterioridade ó dictame da Comisión Informativa de Xestión Municipal deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.a) LBRL)."

Visto o anterior, a xefa da Área de Réxime Interior formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No anterior informe proposta figura un selo co "intervido e conforme" asinado polo interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 1 de decembro de 2005, acordou aprobar a proposta citada.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 2 de decembro de 2005, dictamina favorablemente.

(No momento da votación está ausente a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente con efectos do 1 de xaneiro de 2005 a modificación dos "recargos" previstos nos parágrafos seis e nove do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo fixando a súa contía en 2,50 €, nas horas de xornada nocturna a realizar entre as 22.00 e as 7.00 h. e en 3,70 € nas horas realizadas en sábados e días festivos. Tales "recargos" denominaranse "gratificacións".

Segundo.- Aprobar inicialmente con efectos do ano 2005 a modificación da cantidade que se menciona como "compensación" no artigo 16.B. a) segundo parágrafo do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo referida ó traballo efectuado entre as 10.00 h. do día 24 de decembro e as 15.00 h. do día 25 de decembro

e no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro, fixando a súa contía en 120 €. Tales "compensacións" denominaranse "gratificacións".

Terceiro.- Someter o acordo adoptado ós trámites de información pública e audiencia dos interesados por un prazo de 30 días mediante anuncio que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, debéndose así mesmo notificar expresamente o acordo adoptado á Xunta e ó Comité de Persoal deste Concello.

2.- (284).-IMPLEMENTACIÓN DA CONSIGNACIÓN DA PARTIDA 121.0.1500000 “PRODUCTIVIDADE”, NUNHA CONTÍA MÁXIMA DE 430.224,73 €. EXPTE. 16137/220.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de novembro de 2005, o secretario xeral do Pleno informa do que segue:

“O expediente 16114/220 instrúese coa finalidade de que o Concello-Pleno autorice o incremento da contía destinada ó pago do complemento retributivo de productividade nun importe de 1.000.336,70 € ó resultar insuficiente a consignación existente para ditos fins a día de hoxe.

Remitido o expediente ó previo dictame da Comisión Informativa de Xestión Municipal o órgano citado, na súa reunión de data 21.XI.2005, solicitou a incorporación dun informe xurídico ademais dun novo informe da Intervención Xeral e outro da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

Con data de 24.XI.2005 o Interventor Xeral do Concello emite o informe de fiscalización que consta no expediente, así mesmo, ós efectos anteriores, o Secretario Delegado da Comisión remitíu copia do expediente á Asesoría Xurídica e á Subdelegación do Goberno para que procedan do mesmo xeito.

Non obstante ó anterior polo Concelleiro Delegado de Persoal solicitouse verbalmente en data de 25.XI.2005 desta Secretaria Xeral do Pleno informe xurídico en relación coa proposta formulada.

O art. 122.5.e) 1º da LBRL indica que corresponde ó Secretario Xeral do Pleno o asesoramento deste órgano e das súas Comisións mediante a emisión de informes xurídicos cando así o ordene a Presidencia da Corporación ou un tercio dos Concelleiros. Esta Secretaría ven considerando que tal requisito se cumpre cando o informe o solicita un Concelleiro Delegado en relación coas funcións nel delegadas pola Alcaldía, prodece, polo tanto, a emisión do seguinte,

INFORME

I.- Como se fai constar nos informes ata agora emitidos débese distinguir entre o acordo plenario autorizando o incremento da contía global destinada o Complemento de Productividade e a Resolución da Alcaldía instrumentando e materializando a modificación orzamentaria que se autorice. O criterio

desta Secretaría é coincidente cos fundamentos xurídicos expostos e cos preceptos invocados nos citados informes que residencian no Pleno a decisión autorizatoria previa.

II.- Da orde de servizo da data 2 de novembro despréndese un erro pois obsérvase que o incremento proposto na contía global destinada ó Complemento de Productividade (1.000.336,70 €) ten dous oríxenes diferentes dado que uns feitos responden á idea de gratificación e outros a idea de productividade, en efecto: por un lado indícase que tal importe é consecuencia "dun novo recargo nos pluses de nocturnidade e festividade" e dunha nova compensación por traballos efectuados nos días 24 e 31 de decembro (gratificación), por outro dedúcese que o importe restante, é dicir, 430.224,43 € está destinado a retribuir "a actividade extraordinaria ó especial rendemento á iniciativa ou interese con que determinado persoal municipal desenvolve as funcións inherentes ó posto de traballo que desempeña", (productividade).

III.- A Xunta de Goberno Local, ven retribuindo mediante gratificacións ó persoal municipal que desempeña servizos en xornadas festivas e/ou nocturnas, é dicir, fora da xornada normal de traballo, así mesmo as vixentes Instruccións de Plantilla no seu apartado cuarto conciben tales servizos como gratificacións, o Tribunal Supremo, respecto das retribucións que deben percibirse por traballos en horas nocturnas ou festivas, en reiterada Xurisprudencia, (S. de 22.XII.1995 R.J. 1995/1998 e outras que nela se citan), ven indicando que ditas retribucións só poden ser gratificacións por servizos extraordinarios en tanto en canto este concepto, a tenor do sinalado no apartado d) do art. 23.3 da LRFP, retribúe traballos realizados *"en una jornada que no se considera normal"* (sic), en definitiva: *"en periodos de jornada de naturaleza más penosa dado que la mayoría de las personas descansan durante los mismos"* (STSJ Madrid de 31.III.2001, JUR 2001/222262).

Se o que se pretende, segundo a Mesa de Negociación do 27 de maio de 2005, é imputar o traballo realizado en xornadas nocturnas ou festivas un "novo recargo" nos importes unitarios das horas traballadas o que procede non é a percepción dun complemento de productividade, que nada ten que ver e que responde a outros criterios, senón á modificación puntual do Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais dos Traballadores do Concello de Vigo que é o instrumento xurídico que determina o importe de tales recargos, modificación que, de levarse a cabo, posibilitaría con posterioridade o pago das gratificacións devengadas inclusive co carácter retroactivo que se pretende.

A modificación mencionada, ó amparo do sinalado no art. 123.1.d) da LBRL debe ser inexcusablemente acordada polo Pleno dado o carácter normativo que ten este instrumento xurídico (SS.T.S. de 29.IX.1997, Ar. 6932 e 14.IV.2000) e segundo se desprende do indicado "in fine" no art. 32.a) da LOR.

O establecemento dunha determinada contía para cada unha das horas traballadas en servizos extraordinarios, contía respecto da que as Administracións Públicas gozan de discrecionalidade obxectiva na súa fixación, adecúase ó art. 23.3.d) da LRFP dado que a súa percepción non se establece de forma fixa nin periódica senón que en todo caso dependerá da prestación, ou non, de tales servizos e do número de horas realizado.

A previsión anual polo concepto “gratificación” por este e outros motivos haberá de respetar o límite previsto no art. 7.2.c) do RD 861/1986.

Polo que se refire ó Complemento de Productividade (430.224,43 €) debe advertirse, tal e como se sinala nos informes emitidos pola Xefa da Área de Réxime Interior de data 11.XI.2005 e polo Interventor Xeral en data 24.XI.2005, que as razóns obxectivas que no seu caso determinaran a percepción desta retribución especificaranse nas diferentes propostas que neste sentido efectuen as distintas Xefaturas de Servizo, propostas que, previa a súa fiscalización, serán consideradas e resoltas pola Xunta de Goberno Local.

CONCLUSIÓN

Procede que polo Concelleiro Delegado de Persoal se dicte orde de servizo no senso de desistir na tramitación do expediente 16114/220 dando conta delo á Mesa Negociadora, procedendo, se así se estima conveniente, e en cumprimento dos acordos acadados no seo dese órgano, a incoación de dous novos expedientes: un referido á autorización de ampliar en 430.224,43 € a contía global do complemento de productividade e outro referente á modificación dos importes unitarios dos recargos e compensacións previstos nos parágrafos sexto e noveno do art. 10 e parágrafo segundo do art. 16.B.a) do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo. Indicarase que para o ano 2005 as cantidades que en concepto de gratificación se liquiden en virtude dos novos recargos aprobados terán efectos dende o día 1 de xaneiro.

Ós expedientes incorporaranse proposta de acordo, informes xurídicos da dependencia xestora e informes de fiscalización da Intervención Xeral. Serán resoltos polo Pleno previo o seu dictame pola Comisión Informativa de Xestión Municipal. O proxecto de modificación do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo deberase aprobar previamente pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.a) LBRL).

Non procede na fase de instrucción destes expedientes dirixirse á Subdelegación do Goberno na Provincia ó obxecto de que por este órgano se emita informe xurídico sobre a adecuación á legalidade das propostas de acordo que se formulen. Nin pode nin debe a Subdelegación do Goberno emitir este informe. Este control de legalidade, de producirse, instrumentarase de conformidade co procedemento previsto no art. 65 da LBRL.”

Con data 29 de novembre o concelleiro delegado de Persoal ordea que pola Unidade de Persoal se instrua proposta de modificación orzamentaria ó obxecto de incrementar a partida 1211.0.150.00000 do orzamento.

Coa mesma data do 29 de novembro, a técnica de RRHH da Unidade de Persoal, emite o seguinte informe-proposta:

“O Concelleiro-delegado da área de xestión municipal, con data 29 de novembro de 2005, dictou orde de servizo na que, examinado o informe emitido no expediente 16114/220 polo Secretario Xeral do Pleno de data 28 de novembro de 2005 no que se manifesta a necesidade de instruir dous expedientes distintos para a materializacion das previsions sinaladas na Orde de servizo de data 2 de novembro pasado., ordea a esta Unidade de Persoal a instruir proposta ó órgano competente da Corporación Municipal,

co obxecto de incrementar a partida 121.0.150.00.00 (productividade), ata un máximo de 430.224.73 €, motivado polo número de propostas de productividades realizadas polos distintos servizos municipais

No vixente orzamento correspondente ó presente ano 2005, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 28 de febreiro de 2005, atópanse vacantes os seguintes postos nos servizos que se sinalan:

a) 16 prazas de Garda da Policía Local, que corresponden a vacantes que figuran dotadas no orzamento e que corresponden a prazas de nova creación, baixas por xubilación e falecemento dos seus titulares e que foron incluidas na Oferta de Emprego Público de 2005, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xuño de 2005.

b) 15 cabos da Policía Local, vacantes incluidas na Oferta de Emprego Público correspondente ó presente ano.

c) 1 programador de informática, 1 técnico de administración xeral e 2 bombeiros do Servizo de Extinción de Incendios, incluidas na oferta de Emprego público do presente ano.

d) Así mesmo, atópanse vacantes numerosas prazas, por xubilacións, baixas por invalidez, falecemento, excedencia voluntaria, servizos especiais, etc

Como queira que os postos contidos nos apartados anteriores non van ser ocupados cando menos ata o vindeiro ano 2006, os seus créditos poden ser utilizados, a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente e con cargo ós postos e partidas que a continuación se detallan, ó obxecto de incrementar o saldo da partida de productividade tal e coma propón o concelleiro-delegado da área de xestión municipal:

| POSTO | SERVIZO | PARTIDA | Nº POSTOS | BÁSICAS (PART 120.00.00) | COMPLEM. (PART 121.00.00) | TOTAL PRAZA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Programador Informát. | 113 | 121.7 | 1 | 4.736,88 € | 8.702,80 € | 13.439,68 € |
| Tecnico Admón. Xeral | 210 | 222.0 | 1 | 14.974,58 € | 24.391,95 € | 39.366,53 € |
| Cabo Policía Local | 212 | 222.2 | 15 | 58.098,15 € | 94.711.50 € | 152.809,65 € |
| Garda Policía Local | 212 | 222.2 | 16 | 61.971,36 € | 95.735,36 € | 157.706,72 € |
| Bombeiro | 213 | 222.1 | 2 | 15.492,84 € | 27.885,98 € | 43.378,82 € |
| Xefe Unidade Persoal | 220 | 121.1 | 1 | 8.637,97 € | 14.885,36 € | 23.523,33 € |
| TO | | | | | | 430.224,73€ |

Con data 30 do mesmo mes a xefa da Área de Réxime Interior emite o seguinte informe:

“Mediante orde de servizo de data 29 de novembro do Concelleiro Delegado de Persoal ordéase que:

1.-1Pola Unidade de Persoal se instrua proposta ó Órgano competente da Excma. Corporación municipal de modificación orzamentaria, ó obxecto de incrementala partida 1211.0.150.0000 por un total de 430.224,73 €.

2.- Así mesmo deberanse dalas ordes para que polos responsables de xestión dos distintos servizos municipais propoñan á Xunta de Goberno Local as

contías individuais que consideren adecuadas respecto do persoal adscrito ós distintos departamentos.

INFORME

O Complemento de Productividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), orzamentos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, de 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a productividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de se recoñecer dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os orzamentos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do Complemento de Productividade se reflicte para cada exercizo no Orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do Orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do Complemento de Productividade.

Que os arts. 179.2 do TRFL e o 29 do RD 500/1990 recoñezan á Alcaldía a facultade de minorar ou incrementar, en definitiva, de modificar determinados créditos orzamentarios vinculados xuridicamente no seu Grupo de Función e Capítulo non implica de ningún xeito que isto sexa posible no caso que nos ocupa sen unha previa autorización pois con isto estariase substraindo indirectamente ó Pleno o exercizo dunha competencia específica que lle é propia e polo tanto conculcando a lei mediante o uso fraudulento dunha norma de cobertura.

Tampouco pode argumentarse sen máis que a Lei 57/2003 ("Lei de Grandes Cidades") recoñece á Xunta de Goberno Local, a través das atribucións previstas no art. 127 da LBRL, amplas funcións de natureza executiva pois, aínda sendo certo que o espírito e a finalidade do novo Título X da LBRL é facilitar a operatividade e a eficacia na xestión de goberno, non é menos certo que a propia Lei e as normas que a complementan residencian no Pleno determinadas competencias planificadoras, e entre istas a orzamentaria tendo considerado o lexislador que en materia retributiva a determinación das contías globais dos distintos complementos son, pola súa transcendencia e importancia, decisión plenaria. O feito de que o art. 127.1.h) da LBRL manifeste que corresponde á Xunta de Goberno Local "Aprobar... as retribucións de persoal de acordo co Orzamento aprobado polo Pleno" tan só implica a facultade de concrección e distribución desas retribucións e entre estas a fixación de criterios obxectivos.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos e seguindo os antecedentes máis cercanos de anteriores decisións similares e en concreto o acordo do Concello Pleno adoptado en sesión de data 28.VI.2004 –punto nº 17 da Orde do Día- a materialización da implementación da partida de productividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito do Concelleiro Delegado, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrua o correspondente expediente de modificación de crédito que deberá ser resolto pola Alcaldía e se instruan, así mesmo, dende os correpondentes servizos os expedientes que propoñan para cada funcionario a contía individualizada da cantidade a percibir por este concepto, importe que en todo caso deberá fundamentarse en razóns de especial rendimento, de actividade ou dedicación extraordinaria ou no interese e iniciativa mostrados no desempeño do posto de traballo. En virtude disto, previa fiscalización da Intervención Municipal e dictame da Comisión Informativa que corresponda, proponse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:”

A seguer a xefa da Área de Réxime Interior formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 30 de novembro, informa do que segue:

“En primeiro lugar, esta Intervención quere expresar a conformidade có criterio exposto nos informes incorporados ós expedientes de residenciar no Pleno da Corporación a facultade para suplementar as contías globais fixadas nos Orzamentos para retribucións complementarias de carácter variable: Productividade e gratificacións por servizos extraordinarios. Tal atribución ademais de encontrar a súa cobertura nas normas e preceptos que se citan nos indicados informes, recoñece unha forma expresa e concreta nas “Instruccións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o ano 2005”, publicadas, conxuntamente con tales instrumentos de xestión do persoal, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 108 de 7 de xuño do ano en curso; en concreto la Instrucción terceira establece:

*“…correspóndelle o Pleno da Corporación trala negociación coa Mesa Xeral, determinar nos orzamentos a cantidade global destinada á asignación de complemento de productividade e á Xunta de Goberno Local, a súa asignación individualizada…”.*

No que atinxe á modificación orzamentaria precisa para posibilitar o incremento proposto, por pertencer ás partidas que se ofrecen para recibir e ceder crédito orzamentario a dotacións correspondentes a gastos de persoal, corresponde a modalidade de transferencias de crédito, que en base ao disposto na Base 9ª das de Execución dos Orzamentos vixentes en relación cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o órgano competente para a súa autorización é a Alcaldía-Presidencia, debendo someterse o expediente á tramitación prevista na base e preceptos legais indicados.

Por outra parte, o artigo 5.3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo cal establécese o réxime das Retribucións dos Funcionarios da

Administración Local, establece que: “en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou aprezacións correspondentes a exercizos futuros”. En consecuenza con iso e dende un punto de vista economico-financeiro ós efectos da modificación orzamentaria que se precisa para posibilitar o incremento solicitado, dado que non se consolida gasto, resulta inocuo dende o punto de vista temporal, isto é, en cuanto ás obrigas económicas futuras que puideran derivarse para a facenda municipal para o incremento do complemento retributivo e a súa asignación individual no presente exercizo, o recurso financeiro a empregar, que como se deixa exposto consiste na transferencia da parte ou a totalidade do crédito dispoñible de partidas orzamentarias destinadas a dar cobertura a prazas do cadro de persoal municipal ou dos OO.AA que na actualidade atópanse vacantes ou non cubertas polos seus titulares.

En terceiro lugar, e no concernente ós feitos ou circunstancias que motivan a solicitude ao Pleno Corporativo do incremento da contía do complemento de productividade obedece, en todos os casos, segundo se desprende das ordes de servizo que dan lugar a instrucción dos expedientes que se informan, a que no crédito dispoñible na partida orzamentaria correspondente “resulta insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, ou especial rendemento ou ó interese con que determinado persoal municipal e dos OO.AA desempeña as funcións inherentes ao posto que desempeña”, o que resulta congruente có exposto no apartado primeiro do artigo 5 do citado Real Decreto 861/1986 de 25 de abril, ó se referir ás circunstancias, feitos ou factores que retribúe este incentivo o rendemento.

Non obstante, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de productividade deberá concretarse, pola parte dos órganos ou responsábel que propoñan, estas motivacións expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de se observar as referidas anteriormente “Instrucción sobre Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o exercizo 2005”, que na súa Instrucción terceira realiza unha enumeración de supostos que determinan o devengo do complemento de productividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local en exercizo das atribucións que lle confire o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para estabelecer outros supostos que den lugar o devengo do complemento de productividade. En definitiva, calquera productividade que non teña a súa causa nas referidas Instruccións da cadro de persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado na sesión plenaria de 28.12.98, deberá preceptivamente someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Por último, nos referiremos á incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano 2005 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto das propostas incluídas nos expediente que se informan.

O artigo 19 da Lei 2/2004 de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2005, establece que con efectos a 1 de xaneiro do ano 2005, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluso o local, non poden experimentar un incremento global superior ó 2% con respecto as do

ano 2004. Non obstante, a propia Lei admite incrementos superiores á porcentaxe citada no caso de adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibels por, entre outros motivos, o grao de consecución dos obxectivos fixados aos postos de traballo e programas de gasto.

Pola súa parte, o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, determina que a aprezación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente có desempeño do posto de traballo e obxectivos asinados ao mesmo.

Do exposto despréndese que a natureza dos criterios fixados polas normas para a apreciación da productividade permiten determinar en xeral o carácter excepcional no seu recoñecemento e atribución individual, pero tal excepcionalidade e singularidade debera xustificarse no expediente de forma expresa para todos e cada un dos supostos motivadores da solicitude de incremento ao Pleno da Corporación da contía global de tal incentivo ao rendemento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 2 de decembro de 2005, dictamina favorablemente.

(No momento da votación está ausente a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 121.0.150.00.00 –productividade- aplicando os créditos non consumidos durante a presente anualidade nas diversas partidas e servizos, por unha contía de 430.224,73 €, segundo o resume de créditos que consta no informe da Técnica de Recursos Humanos de data 29 de novembro, transcrito nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia para que autorice expresamente as transferencias de créditos das anteriores partidas, segundo o disposto no artigo 179.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

3.- (285).-IMPLEMENTACIÓN DA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA REFERIDA Ó COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de novembro de 2005, o secretario xeral do Pleno informa do que segue:

“O expediente 16114/220 instrúese coa finalidade de que o Concello-Pleno autorice o incremento da contía destinada ó pago do complemento retributivo de productividade nun importe de 1.000.336,70 € ó resultar insuficiente a consignación existente para ditos fins a día de hoxe.

Remitido o expediente ó previo dictame da Comisión Informativa de Xestión Municipal o órgano citado, na súa reunión de data 21.XI.2005, solicitou a incorporación dun informe xurídico ademais dun novo informe da Intervención Xeral e outro da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

Con data de 24.XI.2005 o Interventor Xeral do Concello emite o informe de fiscalización que consta no expediente, así mesmo, ós efectos anteriores, o Secretario Delegado da Comisión remitíu copia do expediente á Asesoría Xurídica e á Subdelegación do Goberno para que procedan do mesmo xeito.

Non obstante ó anterior polo Concelleiro Delegado de Persoal solicitouse verbalmente en data de 25.XI.2005 desta Secretaria Xeral do Pleno informe xurídico en relación coa proposta formulada.

O art. 122.5.e) 1º da LBRL indica que corresponde ó Secretario Xeral do Pleno o asesoramento deste órgano e das súas Comisións mediante a emisión de informes xurídicos cando así o ordene a Presidencia da Corporación ou un tercio dos Concelleiros. Esta Secretaría ven considerando que tal requisito se cumpre cando o informe o solicita un Concelleiro Delegado en relación coas funcións nel delegadas pola Alcaldía, prodece, polo tanto, a emisión do seguinte,

INFORME

I.- Como se fai constar nos informes ata agora emitidos débese distinguir entre o acordo plenario autorizando o incremento da contía global destinada o Complemento de Productividade e a Resolución da Alcaldía instrumentando e materializando a modificación orzamentaria que se autorice. O criterio desta Secretaría é coincidente cos fundamentos xurídicos expostos e cos preceptos invocados nos citados informes que residencian no Pleno a decisión autorizatoria previa.

II.- Da orde de servizo da data 2 de novembro despréndese un erro pois obsérvase que o incremento proposto na contía global destinada ó Complemento de Productividade (1.000.336,70 €) ten dous oríxenes diferentes dado que uns feitos responden á idea de gratificación e outros a idea de productividade, en efecto: por un lado indícase que tal importe é consecuencia “dun novo recargo nos pluses de nocturnidade e festividade” e dunha nova compensación por traballos efectuados nos días 24 e 31 de decembro (gratificación), por outro dedúcese que o importe restante, é dicir, 430.224,43 € está destinado a retribuir “a actividade extraordinaria

ó especial rendemento á iniciativa ou interese con que determinado persoal municipal desenvolve as funcións inherentes ó posto de traballo que desempeña”, (productividade).

III.- A Xunta de Goberno Local, ven retribuindo mediante gratificacións ó persoal municipal que desempeña servizos en xornadas festivas e/ou nocturnas, é dicir, fora da xornada normal de traballo, así mesmo as vixentes Instruccións de Plantilla no seu apartado cuarto conciben tales servizos como gratificacións, o Tribunal Supremo, respecto das retribucións que deben percibirse por traballos en horas nocturnas ou festivas, en reiterada Xurisprudencia, (S. de 22.XII.1995 R.J. 1995/1998 e outras que nela se citan), ven indicando que ditas retribucións só poden ser gratificacións por servizos extraordinarios en tanto en canto este concepto, a tenor do sinalado no apartado d) do art. 23.3 da LRFP, retribúe traballos realizados *“en una jornada que no se considera normal”* (sic), en definitiva: *“en periodos de jornada de naturaleza más penosa dado que la mayoría de las personas descansan durante los mismos”* (STSJ Madrid de 31.III.2001, JUR 2001/222262).

Se o que se pretende, segundo a Mesa de Negociación do 27 de maio de 2005, é imputar o traballo realizado en xornadas nocturnas ou festivas un “novo recargo” nos importes unitarios das horas traballadas o que procede non é a percepción dun complemento de productividade, que nada ten que ver e que responde a outros criterios, senón á modificación puntual do Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais dos Traballadores do Concello de Vigo que é o instrumento xurídico que determina o importe de tales recargos, modificación que, de levarse a cabo, posibilitaría con posterioridade o pago das gratificacións devengadas inclusive co carácter retroactivo que se pretende.

A modificación mencionada, ó amparo do sinalado no art. 123.1.d) da LBRL debe ser inexcusablemente acordada polo Pleno dado o carácter normativo que ten este instrumento xurídico (SS.T.S. de 29.IX.1997, Ar. 6932 e 14.IV.2000) e segundo se desprende do indicado “in fine” no art. 32.a) da L.O.R.

O establecemento dunha determinada contía para cada unha das horas traballadas en servizos extraordinarios, contía respecto da que as Administracións Públicas gozan de discrecionalidade obxectiva na súa fixación, adecúase ó art. 23.3.d) da LRFP dado que a súa percepción non se establece de forma fixa nin periódica senón que en todo caso dependerá da prestación, ou non, de tales servizos e do número de horas realizado.

A previsión anual polo concepto “gratificación” por este e outros motivos haberá de respetar o límite previsto no art. 7.2.c) do RD 861/1986.

Polo que se refire ó Complemento de Productividade (430.224,43 €) debe advertirse, tal e como se sinala nos informes emitidos pola Xefa da Área de Réxime Interior de data 11.XI.2005 e polo Interventor Xeral en data 24.XI.2005, que as razóns obxectivas que no seu caso determinaran a percepción desta retribución especificaranse nas diferentes propostas que neste sentido efectuen as distintas Xefaturas de Servizo, propostas que, previa a súa fiscalización, serán consideradas e resoltas pola Xunta de Goberno Local.

CONCLUSIÓN

Procede que polo Concelleiro Delegado de Persoal se dicte orde de servizo no senso de desistir na tramitación do expediente 16114/220 dando conta delo á Mesa Negociadora, procedendo, se así se estima conveniente, e en cumprimento dos acordos acadados no seo dese órgano, a incoación de dous novos expedientes: un referido á autorización de ampliar en 430.224,43 € a contía global do complemento de productividade e outro referente á modificación dos importes unitarios dos recargos e compensacións previstos nos parágrafos sexto e noveno do art. 10 e parágrafo segundo do art. 16.B.a) do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo. Indicarase que para o ano 2005 as cantidades que en concepto de gratificación se liquiden en virtude dos novos recargos aprobados terán efectos dende o día 1 de xaneiro.

Ós expedientes incorporaranse proposta de acordo, informes xurídicos da dependencia xestora e informes de fiscalización da Intervención Xeral. Serán resoltos polo Pleno previo o seu dictame pola Comisión Informativa de Xestión Municipal. O proxecto de modificación do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo deberase aprobar previamente pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.a) LBRL).

Non procede na fase de instrucción destes expedientes dirixirse á Subdelegación do Goberno na Provincia ó obxecto de que por este órgano se emita informe xurídico sobre a adecuación á legalidade das propostas de acordo que se formulen. Nin pode nin debe a Subdelegación do Goberno emitir este informe. Este control de legalidade, de producirse, instrumentarase de conformidade co procedemento previsto no art. 65 da LBRL.”

Con data 29 de novembre o Presidente da Escola de Artes e Oficios ordea a instrucción da proposta de modificación orzamentaria oportuna.

Na mesma data 30 a directora accidental e máis o secretario do organismo autónomo municipal Escola de Artes e Oficios emiten o seguinte informe:

“O Presidente do Organismo Autonomo Escola Municipal de Artes e Oficios, con data 29 de novembro pasado, á vista dos informes do Interventor Xeral de data 24 de novembro e o Secretario Xeral do Pleno de data 28 de novembro de 2005, solicitados pola Comision Informativa de Xestion Municipal na súa sesion de data 21 de novembro de 2005, dictou orde de servizo para a instrucción da proposta ó órgano municipal competente, co obxecto de incrementar a partida 422.1.150.00.00 (productividade), ata un máximo de 25000,00 €.

O Complemento de Productividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), orzamentos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a productividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente teña de se recoñecer dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os orzamentos legais, é dicir, o

especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire, o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do Complemento de Productividade se reflicta para cada exercizo no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do Orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do Complemento de Productividade.

No vixente orzamento correspondente ó presente ano 2005, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 28 de febreiro de 2005, na partida 4221 1600000 Seguridade Social, existe un saldo a día de hoxe de 76668.60 €. Tendo en conta que as previsions de gastos computables a dita partida ata o 31 de decembro de 2005 ascenden a 50138.75 €, existiría un credito de 26.529.85 € dispoñible. Considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderiase incrementar o saldo da partida de productividade tal e coma propón o Presidente da Escola Municipal de Artes e Oficios nun importe máximo de 26000.00 € cos creditos sobrantes na partida 4221 1600000.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de productividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito do Presidente do Organismo Autonomo da Escola Municipal de Artes e Oficios, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrua o correspondente expediente de modificación de crédito.”

Visto o anterior a directora accidental e máis o secretario do organismo autónomo municipal Escola de Artes e Oficios emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 30 de novembro, informa do que segue:

“En primeiro lugar, esta Intervención quere expresar a conformidade có criterio exposto nos informes incorporados ós expedientes de residenciar no Pleno da Corporación a facultade para suplementar as contías globais fixadas nos Orzamentos para retribucións complementarias de carácter variable: Productividade e gratificacións por servizos extraordinarios. Tal atribución ademais de encontrar a súa cobertura nas normas e preceptos que se citan nos indicados informes, recoñece unha forma expresa e concreta nas “Instruccións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o ano 2005”, publicadas, conxuntamente con tales instrumentos de xestión do persoal, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 108 de 7 de xuño do ano en curso; en concreto la Instrucción terceira establece:

*"…correspóndelle o Pleno da Corporación trala negociación coa Mesa Xeral, determinar nos orzamentos a cantidade global destinada á asignación de complemento de productividade e á Xunta de Goberno Local, a súa asignación individualizada…".*

No que atinxe á modificación orzamentaria precisa para posibilitar o incremento proposto, por pertencer ás partidas que se ofrecen para recibir e ceder crédito orzamentario a dotacións correspondentes a gastos de persoal, corresponde a modalidade de transferencias de crédito, que en base ao disposto na Base 9ª das de Execución dos Orzamentos vixentes en relación cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o órgano competente para a súa autorización é a Alcaldía-Presidencia, debendo someterse o expediente á tramitación prevista na base e preceptos legais indicados.

Por outra parte, o artigo 5.3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo cal establécese o réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, establece que: "en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou aprezacións correspondentes a exercizos futuros". En consecuenza con iso e dende un punto de vista economico-financeiro ós efectos da modificación orzamentaria que se precisa para posibilitar o incremento solicitado, dado que non se consolida gasto, resulta inocuo dende o punto de vista temporal, isto é, en cuanto ás obrigas económicas futuras que puideran derivarse para a facenda municipal para o incremento do complemento retributivo e a súa asignación individual no presente exercizo, o recurso financeiro a empregar, que como se deixa exposto consiste na transferencia da parte ou a totalidade do crédito dispoñible de partidas orzamentarias destinadas a dar cobertura a prazas do cadro de persoal municipal ou dos OO.AA que na actualidade atópanse vacantes ou non cubertas polos seus titulares.

En terceiro lugar, e no concernente ós feitos ou circunstancias que motivan a solicitude ao Pleno Corporativo do incremento da contía do complemento de productividade obedece, en todos os casos, segundo se desprende das ordes de servizo que dan lugar a instrucción dos expedientes que se informan, a que no crédito dispoñible na partida orzamentaria correspondente "resulta insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, ou especial rendemento ou ó interese con que determinado persoal municipal e dos OO.AA desempeña as funcións inherentes ao posto que desempeña", o que resulta congruente có exposto no apartado primeiro do artigo 5 do citado Real Decreto 861/1986 de 25 de abril, ó se referir ás circunstancias, feitos ou factores que retribúe este incentivo o rendemento.

Non obstante, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de productividade deberá concretarse, pola parte dos órganos ou responsábel que propoñan, estas motivacións expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de se observar as referidas anteriormente "Instrucción sobre Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o exercizo 2005", que na súa Instrucción terceira realiza unha enumeración de supostos que determinan o devengo do complemento de productividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local en exercizo das atribucións que lle confire o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril,

Reguladora das Bases de Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para estabelecer outros supostos que den lugar o devengo do complemento de productividade. En definitiva, calquera productividade que non teña a súa causa nas referidas Instruccións da cadro de persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado na sesión plenaria de 28.12.98, deberá preceptivamente someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Por último, nos referiremos á incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano 2005 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto das propostas incluídas nos expediente que se informan.

O artigo 19 da Lei 2/2004 de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2005, establece que con efectos a 1 de xaneiro do ano 2005, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluso o local, non poden experimentar un incremento global superior ó 2% con respecto as do ano 2004. Non obstante, a propia Lei admite incrementos superiores á porcentaxe citada no caso de adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibels por, entre outros motivos, o grao de consecución dos obxectivos fixados aos postos de traballo e programas de gasto.

Pola súa parte, o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, determina que a aprezación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente có desempeño do posto de traballo e obxectivos asinados ao mesmo.

Do exposto despréndese que a natureza dos criterios fixados polas normas para a apreciación da productividade permiten determinar en xeral o carácter excepcional no seu recoñecemento e atribución individual, pero tal excepcionalidade e singularidade debera xustificarse no expediente de forma expresa para todos e cada un dos supostos motivadores da solicitude de incremento ao Pleno da Corporación da contía global de tal incentivo ao rendemento.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 2 de decembro de 2005, dictamina favorablemente.

(No momento da votación está ausente a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 422.1.150.00.00 -productividade- por unha contía de 25.000,00 €

Segundo.- Instar ó organo competente do organismo autonomo Escola Municipal de Artes e Oficios para a instrumentacion da modificacion orzamentaria correspondente

4.- (286).-IMPLEMENTACIÓN DA CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA REFERIDA Ó COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de novembro de 2005, o secretario xeral do Pleno informa do que segue:

"O expediente 16114/220 instrúese coa finalidade de que o Concello-Pleno autorice o incremento da contía destinada ó pago do complemento retributivo de productividade nun importe de 1.000.336,70 € ó resultar insuficiente a consignación existente para ditos fins a día de hoxe.

Remitido o expediente ó previo dictame da Comisión Informativa de Xestión Municipal o órgano citado, na súa reunión de data 21.XI.2005, solicitou a incorporación dun informe xurídico ademais dun novo informe da Intervención Xeral e outro da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

Con data de 24.XI.2005 o Interventor Xeral do Concello emite o informe de fiscalización que consta no expediente, así mesmo, ós efectos anteriores, o Secretario Delegado da Comisión remitíu copia do expediente á Asesoría Xurídica e á Subdelegación do Goberno para que procedan do mesmo xeito.

Non obstante ó anterior polo Concelleiro Delegado de Persoal solicitouse verbalmente en data de 25.XI.2005 desta Secretaria Xeral do Pleno informe xurídico en relación coa proposta formulada.

O art. 122.5.e) 1º da LBRL indica que corresponde ó Secretario Xeral do Pleno o asesoramento deste órgano e das súas Comisións mediante a emisión de informes xurídicos cando así o ordene a Presidencia da Corporación ou un tercio dos Concelleiros. Esta Secretaría ven considerando que tal requisito se cumpre cando o informe o solicita un Concelleiro Delegado en relación coas funcións nel delegadas pola Alcaldía, prodece, polo tanto, a emisión do seguinte,

INFORME

I.- Como se fai constar nos informes ata agora emitidos débese distinguir entre o acordo plenario autorizando o incremento da contía global destinada o Complemento de Productividade e a Resolución da Alcaldía instrumentando e materializando a modificación orzamentaria que se autorice. O criterio desta Secretaría é coincidente cos fundamentos xurídicos expostos e cos preceptos invocados nos citados informes que residencian no Pleno a decisión autorizatoria previa.

II.- Da orde de servizo da data 2 de novembro despréndese un erro pois obsérvase que o incremento proposto na contía global destinada ó Complemento de Productividade (1.000.336,70 €) ten dous oríxenes diferentes dado que uns feitos responden á idea de gratificación e outros a idea de productividade, en efecto: por un lado indícase que tal importe é consecuencia "dun novo recargo nos pluses de nocturnidade e festividade" e dunha nova compensación por traballos efectuados nos días 24 e 31 de decembro (gratificación), por outro dedúcese que o importe restante, é dicir, 430.224,43 € está destinado a retribuir "a actividade extraordinaria ó especial rendemento á iniciativa ou interese con que determinado persoal municipal desenvolve as funcións inherentes ó posto de traballo que desempeña", (productividade).

III.- A Xunta de Goberno Local, ven retribuindo mediante gratificacións ó persoal municipal que desempeña servizos en xornadas festivas e/ou nocturnas, é dicir, fora da xornada normal de traballo, así mesmo as vixentes Instruccións de Plantilla no seu apartado cuarto conciben tales servizos como gratificacións, o Tribunal Supremo, respecto das retribucións que deben percibirse por traballos en horas nocturnas ou festivas, en reiterada Xurisprudencia, (S. de 22.XII.1995 R.J. 1995/1998 e outras que nela se citan), ven indicando que ditas retribucións só poden ser gratificacións por servizos extraordinarios en tanto en canto este concepto, a tenor do sinalado no apartado d) do art. 23.3 da LRFP, retribúe traballos realizados "*en una jornada que no se considera normal*" (sic), en definitiva: "*en periodos de jornada de naturaleza más penosa dado que la mayoría de las personas descansan durante los mismos*" (STSJ Madrid de 31.III.2001, JUR 2001/222262).

Se o que se pretende, segundo a Mesa de Negociación do 27 de maio de 2005, é imputar o traballo realizado en xornadas nocturnas ou festivas un "novo recargo" nos importes unitarios das horas traballadas o que procede non é a percepción dun complemento de productividade, que nada ten que ver e que responde a outros criterios, senón á modificación puntual do Acordo Regulador das Condicións Económicas e Sociais dos Traballadores do Concello de Vigo que é o instrumento xurídico que determina o importe de tales recargos, modificación que, de levarse a cabo, posibilitaría con posterioridade o pago das gratificacións devengadas inclusive co carácter retroactivo que se pretende.

A modificación mencionada, ó amparo do sinalado no art. 123.1.d) da LBRL debe ser inexcusablemente acordada polo Pleno dado o carácter normativo que ten este instrumento xurídico (SS.T.S. de 29.IX.1997, Ar. 6932 e 14.IV.2000) e segundo se desprende do indicado "in fine" no art. 32.a) da L.O.R.

O establecemento dunha determinada contía para cada unha das horas traballadas en servizos extraordinarios, contía respecto da que as Administracións Públicas gozan de discrecionalidade obxectiva na súa fixación, adecúase ó art. 23.3.d) da LRFP dado que a súa percepción non se establece de forma fixa nin periódica senón que en todo caso dependerá da prestación, ou non, de tales servizos e do número de horas realizado.

A previsión anual polo concepto "gratificación" por este e outros motivos haberá de respetar o límite previsto no art. 7.2.c) do RD 861/1986.

Polo que se refire ó Complemento de Productividade (430.224,43 €) debe advertirse, tal e como se sinala nos informes emitidos pola Xefa da Área de Réxime Interior de data 11.XI.2005 e polo Interventor Xeral en data 24.XI.2005, que as razóns obxectivas que no seu caso determinaran a percepción desta retribución especificaranse nas diferentes propostas que neste sentido efectuen as distintas Xefaturas de Servizo, propostas que, previa a súa fiscalización, serán consideradas e resoltas pola Xunta de Goberno Local.

CONCLUSIÓN

Procede que polo Concelleiro Delegado de Persoal se dicte orde de servizo no senso de desistir na tramitación do expediente 16114/220 dando conta delo á Mesa Negociadora, procedendo, se así se estima conveniente, e en cumprimento dos acordos acadados no seo dese órgano, a incoación de dous novos expedientes: un referido á autorización de ampliar en 430.224,43 € a contía global do complemento de productividade e outro referente á modificación dos importes unitarios dos recargos e compensacións previstos nos parágrafos sexto e noveno do art. 10 e parágrafo segundo do art. 16.B.a) do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo. Indicarase que para o ano 2005 as cantidades que en concepto de gratificación se liquiden en virtude dos novos recargos aprobados terán efectos dende o día 1 de xaneiro.

Ós expedientes incorporaranse proposta de acordo, informes xurídicos da dependencia xestora e informes de fiscalización da Intervención Xeral. Serán resoltos polo Pleno previo o seu dictame pola Comisión Informativa de Xestión Municipal. O proxecto de modificación do Acordo Regulador das Condicións de Traballo do Persoal do Concello de Vigo deberase aprobar previamente pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.a) LBRL).

Non procede na fase de instrucción destes expedientes dirixirse á Subdelegación do Goberno na Provincia ó obxecto de que por este órgano se emita informe xurídico sobre a adecuación á legalidade das propostas de acordo que se formulen. Nin pode nin debe a Subdelegación do Goberno emitir este informe. Este control de legalidade, de producirse, instrumentarase de conformidade co procedemento previsto no art. 65 da LBRL."

Con data 29 de novembre a presidenta do Instituto Municipal dos Deportes ordea a instrucción da correspondente proposta de modificación orzamentaria.

Na mesma data o director técnico do IMD e maís o responsable de administración, coa conformidade do secretario da Xunta Rectora, emiten o seguinte informe:

"A Presidenta do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, con data 11 de novembro pasado, á vista dos informes do Interventor Xeral de data 24 de novembro e o Secretario Xeral do Pleno de data de 28 de novembro de 2005, solicitados pola Comisión Informativa de Xestión Munuicipal na súa sesión de data de 21 de novembro de 2005, dictou orde de servizo para a instrucción da proposta ó órgano municipal competente, co obxecto de incrementar a partida 452.2.150.00.00 (productividade), ata un máximo de 18.000,00€.

O Complemento de Productividade está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), orzamentos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a productividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente teña de se recoñecer dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os orzamentos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire, o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do Complemento de Productividade se reflicta para cada exercizo no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do Complemento de Productividade.

No vixente orzamento correspondente o presente ano 2005, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 28 de febreiro de 2005, na partida 4522 1600000 Seguridade Social existe un saldo a día de hoxe de 157.017,59 €. Tendo en conta que as previsions de gastos computables a dita partida ata o 31 de decembro de 2005 ascenden a 125.000,00 €, existiría un credito de 32.017,59 € dispoñible. Considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderiase incrementar o saldo da partida de productividade tal e coma propón a Presidenta do Instituto Municipal de Deportes nun importe maximo de 18.000.00 € cos creditos sobrantes na partida 4522 1600000.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de productividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito da Presidenta do Organismo Autonomo Municipal dos Deportes, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrua o correspondente expediente de modificación de crédito.”

Polo exposto o director técnico do Instituto Municipal dos Deportes e maís o responsable de administración, formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 30 de novembro, informa do que segue:

“En primeiro lugar, esta Intervención quere expresar a conformidade có criterio exposto nos informes incorporados ós expedientes de residenciar no Pleno da Corporación a facultade para suplementar as contías globais fixadas nos Orzamentos para retribucións complementarias de carácter variable: Productividade e gratificacións por servizos extraordinarios. Tal atribución ademais de encontrar a súa cobertura nas normas e preceptos que se citan nos indicados informes, recoñece unha forma expresa e concreta nas “Instruccións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o ano 2005”, publicadas, conxuntamente con tales instrumentos de xestión do persoal, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 108 de 7 de xuño do ano en curso; en concreto la Instrucción terceira establece:

*“…correspóndelle o Pleno da Corporación trala negociación coa Mesa Xeral, determinar nos orzamentos a cantidade global destinada á asignación de complemento de productividade e á Xunta de Goberno Local, a súa asignación individualizada…”.*

No que atinxe á modificación orzamentaria precisa para posibilitar o incremento proposto, por pertencer ás partidas que se ofrecen para recibir e ceder crédito orzamentario a dotacións correspondentes a gastos de persoal, corresponde a modalidade de transferencias de crédito, que en base ao disposto na Base 9ª das de Execución dos Orzamentos vixentes en relación cos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o órgano competente para a súa autorización é a Alcaldía-Presidencia, debendo someterse o expediente á tramitación prevista na base e preceptos legais indicados.

Por outra parte, o artigo 5.3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo cal establécese o réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, establece que: “en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou aprezacións correspondentes a exercizos futuros”. En consecuenza con iso e dende un punto de vista economico-financeiro ós efectos da modificación orzamentaria que se precisa para posibilitar o incremento solicitado, dado que non se consolida gasto, resulta inocuo dende o punto de vista temporal, isto é, en cuanto ás obrigas económicas futuras que puideran derivarse para a facenda municipal para o incremento do complemento retributivo e a súa asignación individual no presente exercizo, o recurso financeiro a empregar, que como se deixa exposto consiste na transferencia da parte ou a totalidade do crédito dispoñible de partidas orzamentarias destinadas a dar cobertura a prazas do cadro de persoal municipal ou dos OO.AA que na actualidade atópanse vacantes ou non cubertas polos seus titulares.

En terceiro lugar, e no concernente ós feitos ou circunstancias que motivan a solicitude ao Pleno Corporativo do incremento da contía do complemento de productividade obedece, en todos os casos, segundo se desprende das ordes de servizo que dan lugar a instrucción dos expedientes que se informan, a que no crédito dispoñible na partida orzamentaria correspondente “resulta insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, ou especial rendemento ou ó interese con que determinado persoal municipal e dos OO.AA desempeña as funcións inherentes ao posto que desempeña”, o que resulta congruente có exposto no apartado primeiro do artigo 5 do citado Real Decreto 861/1986 de 25 de abril, ó se referir ás circunstancias, feitos ou factores que retribúe este incentivo o rendemento.

Non obstante, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de productividade deberá concretarse, pola parte dos órganos ou responsábel que propoñan, estas motivacións expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de se observar as referidas anteriormente "Instrucción sobre Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos para o exercizo 2005", que na súa Instrucción terceira realiza unha enumeración de supostos que determinan o devengo do complemento de productividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local en exercizo das atribucións que lle confire o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para estabelecer outros supostos que den lugar o devengo do complemento de productividade. En definitiva, calquera productividade que non teña a súa causa nas referidas Instruccións da cadro de persoal ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado na sesión plenaria de 28.12.98, deberá preceptivamente someterse á aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Por último, nos referiremos á incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano 2005 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto das propostas incluídas nos expediente que se informan.

O artigo 19 da Lei 2/2004 de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2005, establece que con efectos a 1 de xaneiro do ano 2005, as retribucións do persoal ao servizo do sector público, incluso o local, non poden experimentar un incremento global superior ó 2% con respecto as do ano 2004. Non obstante, a propia Lei admite incrementos superiores á porcentaxe citada no caso de adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibels por, entre outros motivos, o grao de consecución dos obxectivos fixados aos postos de traballo e programas de gasto.

Pola súa parte, o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, determina que a aprezación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente có desempeño do posto de traballo e obxectivos asinados ao mesmo.

Do exposto despréndese que a natureza dos criterios fixados polas normas para a apreciación da productividade permiten determinar en xeral o carácter excepcional no seu recoñecemento e atribución individual, pero tal excepcionalidade e singularidade debera xustificarse no expediente de forma expresa para todos e cada un dos supostos motivadores da solicitude de incremento ao Pleno da Corporación da contía global de tal incentivo ao rendemento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 2 de decembro de 2005, dictamina favorablemente.

(No momento da votación está ausente a Sra. Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 452.2. 150.00.00 -productividade- aplicando os créditos non consumidos durante a presente anualidade na partida 452.2.160.00.00 diversas partidas e servizos, por unha contía de 18.000 €.

Segundo.- Instar o órgano competente do organismo autonomo Municipal dos Deportes para a instrumentación da modificación orzamentaria correspondente.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Mª Corina Porro Martínez José Riesgo Boluda.